



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 110

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 22 de novembro de 2011

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

1. Textos lexislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 08/PL-0036 (72619)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 565, do 24.10.2011

Publicación asignación Comisión, BOPG núm. 565, do 24.10.2011

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 575, do 08.11.2011

Publicación emendas totalidade, BOPG núm. 580, do 15.11.2011

1.2 Debate e votación do ditame emitido pola Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de acción voluntaria 08/PL-0033 (68785)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 533, do 07.09.2011

Publicación asignación Comisión, BOPG núm. 536, do 12.09.2011

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 542, do 20.09.2011

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 552, do 04.10.2011

Publicación emendas ao articulado, BOPG núm. 561, do 18.10.2011

Publicación informe de ponencia, BOPG núm. 575, do 08.11.2011

2. Comparecencias en Pleno

08/CPP-0361 (73681)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para informar da situación da planificación urbanística en Galicia e da posición do Goberno galego en relación co impulso dunha nova normativa reguladora de consenso que repercuta na axiliación dos planeamentos municipais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 581, do 15.11.2011

3. Mocións

3.1 08/MOC-0136 (73266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a paralización da licitación conxunta de dezaoito centros de saúde polo sistema PFI, ou iniciativa de financiamento privado, e a elaboración dun plan de infraestruturas prioritarias en atención primaria financiado con fondos públicos (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 63817, publicada no BOPG núm. 453, do 18.04.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 09.11.2011

3.2 08/MOC-0137 (73290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo

Sobre a problemática do fracaso e do abandono escolar en Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 71776, publicada no BOPG núm. 561, do 18.10.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 09.11.2011

3.3 08/MOC-0138 (73302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández López, Miguel Ángel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de políticas activas de emprego. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 71724, publicada no BOPG núm. 558, do 13.10.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 09.11.2011

4. Proposicións non de lei ante o Pleno

4.1 08/PNP-0939 (56530)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e seis deputados máis

Sobre as liñas estratéxicas básicas para a elaboración dunha Lei galega de universidades

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 388, do 13.01.2011

4.2 08/PNP-1203 (64983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e cinco deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos procesos de restauración da legalidade urbanística

como consecuencia dunha sentenza xudicial, a aplicación da disciplina e inspección urbanística, así como a utilización dos plans e proxectos sectoriais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 473, do 19.05.2011

4.3 08/PNP-1325 (68803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis

Sobre a adopción de medidas para que se considere como único requisito para ter dereito á asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde a residencia nun municipio de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

4.4 08/PNP-1420 (72222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego para preservar o patrimonio artístico de Novacaixagalicia e promover que sexa exposto nalgún dos espazos da Cidade da Cultura

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 567, do 26.10.2011

4.5 08/PNP-1440 (72891)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito, e Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre o mantemento polo Goberno galego do Plan de dinamización marisqueira da ría de Ferrol, incluíndo o pagamento ás mariscadoras e aos mariscadores polos traballos de rexeneración e limpeza das rías segundo os parámetros económicos acordados no ano 2007

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 572, do 03.11.2011

4.6 08/PNP-1454 (73335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e catorce deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da Cidade da Xustiza de Vigo

Publicación iniciativa vía urgencia, BOPG núm. 576, do 09.11.2011

5. Interpelacións

5.1 08/INT-0852 (66868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a incidencia no sector naval galego da eliminación do sistema de amortización fiscal acelerada na normativa fiscal do Estado español

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 506, do 15.07.2011

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 513, do 28.07.2011

5.2 08/INT-0955 (71002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da súa política local

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 552, do 04.10.2011

5.3 08/INT-0963 (71366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cajide Hervés, María del Carmen, e Fraga Santos, Silvia Belén

Sobre as políticas de igualdade de mulleres e homes da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 552, do 04.10.2011

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 08/POPX-0092 (73726)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia das relacións co Estado español

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 581, do 15.11.2011

6.2 08/POPX-0093 (73727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel

Sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia da defensa dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 581, do 15.11.2011

7. Preguntas orais ante o Pleno

7.1 08/POP-2936 (71516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e catro deputados máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para distribuír axudas aos emigrantes galegos en Cuba durante a precampaña electoral do ano 2011

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 558, do 13.10.2011

7.2 08/POP-3050 (73090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a actuación da Consellería de Economía e Industria unha vez coñecida a denuncia referida á importación de materiais para

o seu uso en obras públicas sen cumprir a normativa vixente en materia medioambiental

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 09.11.2011

7.3 08/POP-3052 (73119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a relación da Consellería de Economía e Industria coa empresa importadora de material asfáltico Manmer, S.L., durante a oitava lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 09.11.2011

7.4 08/POP-3000 (72439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e seis deputados máis

Sobre a evolución da matrícula e da oferta educativa nas escolas oficiais de idiomas desde o ano 2009

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 567, do 26.10.2011

7.5 08/POP-2572 (66839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o colapso producido no mes de xullo de 2011 no Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 506, do 15.07.2011

7.6 08/POP-2775 (68838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito, e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a decisión de suprimir a quenda de noite no servizo de ambulancia asistencial no concello de Marín

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

7.7 08/POP-3093 (73722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto

Sobre as razóns existentes para poñer impedimentos no acceso das persoas sen recursos á asistencia sanitaria (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 581, do 15.11.2011

7.8 08/POP-2958 (72048)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma, e seis deputados máis

Sobre o apoio que está a prestar a Consellería do Medio Rural ao desenvolvemento da produción de carne de vacún de calidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 561, do 18.10.2011

7.9 08/POP-2831 (69576)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre os parámetros seguidos pola Consellería do Mar para establecer os emprazamentos das zonas de reinstalación de moluscos bivalvos procedentes das zonas catalogadas como "C"

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 539, do 15.09.2011

7.10 08/POP-2953 (71907)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as previsións da Consellería do Mar respecto da elaboración do Plan estratéxico da pesca en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 561, do 18.10.2011

7.11 08/POP-3025 (72716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre o contido do novo decreto que está a elaborar a Consellería do Mar relativo ao futuro dos parques de cultivo de moluscos de Carril

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 567, do 26.10.2011

Ábrese a sesión ás seis e corenta e nove minutos da tarde.

Alteración da orde do día.

A señora presidenta comunícalle á Cámara que, por petición do Goberno e co consentimento dos grupos parlamentarios, se vai producir unha alteración na orde do día da sesión consistente en que a interpelación co documento número 66868, de D. Henrique Viéitez Alonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e mais as preguntas cos documentos números 73090, do G. P. dos Socialistas de Galicia, e 73119, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, se debaterán cando remate o primeiro punto da orde do día, que é o debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do Proxecto de lei: *Sra. conselleira de Facenda.* (Páx. 7.)

Defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 10.), *Sra. Caride Estévez (S)* (Páx. 13.) e *Sr. Sueiro Pastoriza (P)*. (Páx. 16.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 19.) e *Sra. Caride Estévez (S)*. (Páx. 20.)

Interpelación de D. Henrique Viéitez Alonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a incidencia no sector naval galego da eliminación do sistema de amortización fiscal acelerada na normativa fiscal do Estado español. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Viéitez Alonso (BNG)*. (Páx. 22.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria.* (Páx. 24.)

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Méndez Romeu (S)* (Páx. 26.) e *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 28.)

Réplica do autor: *Sr. Viéitez Alonso (BNG)*. (Páx. 30.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria.* (Páx. 31.)

Pregunta de D. José Luis Méndez Romeu e D.^a María Carmen Acuña do Campo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación da Consellería de Economía e Industria unha vez coñecida a denuncia referida á importación de materiais para o seu uso en obras públicas sen cumprir a normativa vixente en materia medioambiental

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 33.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria.* (Páx. 33.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 34.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria.* (Páx. 35.)

Pregunta de D. Carlos Fernando Branco Parga, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a relación da Consellería de Economía e Industria coa empresa importadora de material asfáltico Manmer S.L. durante a oitava lexislatura

Intervención do autor: *Sr. Branco Parga (BNG)*. (Páx. 35.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 36.)

Réplica do autor: *Sr. Branco Parga (BNG)*. (Páx. 37.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 38.)

Suspéndese a sesión ás nove e dezanove minutos da noite.

Ábrese a sesión ás seis e corenta e nove minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Ábrese a sesión.

A orde do día da sesión está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA: Antes de entrar na orde do día e antes de comezar o seu desenvolvemento, quérrolles comunicar a seguinte alteración, por petición do Goberno e co coñecemento dos grupos.

A Interpelación número 66868, de don Henrique Viéitez Alonso, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e as preguntas números 73090, do Grupo Parlamentario Socialista, e 73119, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, substanciáranse a continuación do debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que será o primeiro punto da orde do día.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A señora PRESIDENTA: Para facer a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Facenda, dona Marta Fernández Currás.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás): Moitas grazas, presidenta.

Señorías, boas tardes.

Interveño unha vez máis para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2012, unha norma que complementa a lei de orzamentos.

En primeiro lugar, quero recordar que a apelación a este tipo de norma responde a unha cuestión puramente de eficacia. A doutrina xurisprudencial configurou este tipo de normas como leis ordinarias, cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador, xa que permite unha mellor execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a

súa actuación. E este é o fin perseguido pola presente lei, que pretende unha xestión eficaz que polas restricións derivadas da súa natureza fiscal, pola súa conexión coa consecución dos obxectivos económicos da Lei de orzamentos ou pola vixencia superior á da lei dos propios orzamentos, son susceptibles de ser incluídas nunha norma de carácter ordinario pero de tramitación paralela.

Esta lei incorpora preceptos que con vocación de permanencia afectan os ingresos e os gastos públicos e permiten unha eficaz consecución dos obxectivos perseguidos polos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este proxecto de lei estrutúrase en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas de carácter fiscal; o segundo, ás medidas de carácter administrativo. Así, no seu título I modifícanse unha serie de normas tributarias ditadas no uso das competencias normativas atribuídas pola Comunidade Autónoma de Galicia, pola Lei 20/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e pola Lei 17/2010, do Réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, de fixación de condicións e alcance da devandita cesión.

As normas relativas aos tributos cedidos polo Estado modifican o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos aprobados polo Decreto lexislativo 1/2011, ditado recentemente no Parlamento de Galicia, de forma que por primeira vez todas as normas tributarias se encontran compiladas nun único texto normativo, facilitando a súa aplicación polos interesados, e garanten o principio de seguridade xurídica que debe presidir todo o ordenamento, terminando coa dispersión lexislativa provocada pola multiplicidade de normas tributarias ditadas en Galicia dende o ano 1998.

Dentro das medidas fiscais contempladas no título I, cómpre sinalar como máis destacadas as seguintes.

En relación co imposto sobre a renda das persoas físicas, modifícase a dedución xa existente relativa ao investimento en accións de entidades que cotizan no segmento das empresas en expansión no mercado alternativo bursátil. O obxectivo é o de aumentar o investimento en empresas cuxo domicilio fiscal estea situado nesta comunidade autónoma mediante a ampliación do número de posibles beneficiarios,

suprimindo o requisito de posuír polo menos o 1% de capital. Este aspecto facilita o acceso á dedución de pequenos investidores e segue mantendo o requisito de que a participación non poida exceder do 10% e o límite da base de dedución, que segue sendo de 4.000 euros. Así mesmo, ampliábase de dous a tres anos o prazo de mantemento do investimento, co fin de que a vinculación coa empresa sexa máis duradeira; e rebáixase a porcentaxe do 20% ao 15%.

En canto ao imposto sobre o patrimonio, o Real decreto 13/2011 restablece a vixencia deste imposto con carácter temporal, exclusivamente durante os anos 2011 e 2012, polo que as comunidades autónomas recuperamos as competencias normativas no mesmo momento. Entre as citadas competencias encóntrase a capacidade de regular o mínimo exento deste imposto. O Parlamento xa fixo uso da devandita competencia na Lei 14/2004, de medidas tributarias, establecéndoo en 108.000 euros, polo que, de non modificalo nesta lei, non sería de aplicación o mínimo exento de 700.000 euros que estableceu o Real decreto-lei, o cal suporía un gran prexuízo para os contribuíntes galegos en comparación co resto dos contribuíntes do Estado, polo que o Consello da Xunta propón ao Parlamento incrementalalo ata os 700.000 euros co obxecto de harmonizalo coa normativa estatal.

Outro efecto importante é a entrada en vigor do artigo que modifica este mínimo exento, que se producirá o 31 de decembro de 2011, data na que se produce o devengo deste imposto a diferenza co resto da lei, que entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2012, co cal a recadación producirase precisamente ao longo do 2012.

Polo que respecta ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, adaptaciónse as medidas lexislativas para asimilar os créditos hipotecarios aos préstamos hipotecarios nos beneficios fiscais que afectan a estes últimos, sempre que se destinen á adquisición de vivenda habitual. Desta forma equipárase o tratamento fiscal de dúas figuras xurídicas dende logo moi semellantes, e ofrécense liberdade ao contribuínte para elixir o máis conveniente aos seus intereses. Todo iso sen que existan condicionantes fiscais nesta decisión, logrando unha maior neutralidade neste imposto.

Convértese en indefinida a dedución na modalidade de actos xurídicos documentados para a constitución de préstamos

hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos destinados, así mesmo, á adquisición de vivenda habitual.

Introdúcese tamén un novo beneficio fiscal, unha dedución do cen por cento de actos xurídicos documentados para os créditos e os préstamos hipotecarios cando se modifique o sistema de amortización ou calquera outra condición financeira do préstamo ou o crédito. Desta forma facilitamos que as familias en dificultades poidan mellorar a súa hipoteca sen sufrir un custo fiscal engadido.

No que respecta aos tributos cedidos sobre o xogo, revísase a normativa autonómica co obxecto de adaptala á normativa estatal, e quero destacar que este proxecto modifica a tributación das apostas, a semellanza da normativa estatal. Adáptase a tributación á actual sobre máquinas e bingo, fixando a tributación para novos tipos de máquinas e para o bingo electrónico, onde se establece que no 2012 o suxeito pasivo que non reduza o cadro de persoal medio da sala de bingo poderá acollerse a un tipo reducido, e establécense regras especiais para a tributación dos xogos cando se desenvolvan en todo ou en parte a través da internet.

Noutra orde, co fin de seguir impulsando a loita contra a fraude fiscal, establécense unha serie de medidas procedementais e obrigas formais. Como principais cómpre sinalar as seguintes: introdúcese unha nova obriga formal ás entidades que realicen poxas de bens mobles para que informen das transaccións realizadas, os intervenientes ou os importes destas, coa finalidade de facilitar o control fiscal destas transaccións.

Tamén con esta finalidade de información se establecen as obrigas de presentar declaracións informativas en materia de xogo para os notarios e para os axentes de mercado e colaboradores necesarios na organización dos xogos a través da internet.

Polo que respecta ao canon da auga e ao coeficiente de vertedura, establécense a exención para os suxeitos que se encontren en réxime de exclusión social e para as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, sempre que se realicen en centros que presten servizos directos a persoas en réxime de exclusión social. Dáselle o mesmo tratamento ao coeficiente de verteduras ca ao canon da auga en canto á aplicación de supostos de non suxeición e exencións. Esta-

blécese como substituto do contribuínte no caso de captacións propias a empresa que presta o servizo de sumidoiro. Establécese un réxime transitorio para reducir o impacto da aplicación do coeficiente de vertedura cando as instalacións de depuración estean xestionadas por Augas de Galicia.

En canto ás medidas administrativas, no relativo ao réxime orzamentario procédese á adaptación da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia ao previsto na Lofaxga, establecendo expresamente as obrigas orzamentarios de cada tipo de entidades do sector público galego, a información plurianual que teñen que conter os seus estados, o seu contido e prazo de remisión, así como o réxime das modificacións orzamentarias e as cláusulas que deben conter os convenios co sector público autonómico. Seguimos achegando transparencia.

O obxectivo desta reforma é incidir no control das entidades con orzamento estimativo mediante a orzamentación por obxectivos como instrumento de eficiencia na utilización de recursos públicos. Neste senso, o contido do plan de actuación, investimentos e financiamento, os PAIF, deberán conter unha previsión de obxectivos e unha serie de indicadores de seguimento que permitan avaliar a consecución dos devanditos obxectivos.

Reforzamento do control sobre as modificacións dos orzamentos destas entidades, que deben ter en conta a consecución dos seus obxectivos, polo que o control das citadas modificacións non se fará só dende un punto de vista cuantitativo, senón fundamentalmente dende un punto de vista cualitativo, coa finalidade de que as citadas modificacións non impidan a consecución dos obxectivos previstos.

E por último regúlase a necesidade de presentación de orzamentos e plan de actuación, investimento e financiamento de forma individual e consolidada cando unha entidade con orzamento estimativo posúa directa ou indirectamente a maioría do capital social dunha ou de varias entidades mercantís.

Por outra parte, en materia de subvencións realízanse diversas modificacións dirixidas a adecuar o ámbito subxectivo da lei de subvenciones ao previsto na Lofaxga. No que respecta ás competencias administrativas en materia de xogo, realízanse diversas modificacións na Lei reguladora de

xogos e apostas de Galicia ao obxecto de establecer o requisito de autorización da Comunidade Autónoma para a instalación e a apertura de locais ou terminais para a realización de xogos de ámbito estatal.

Actualízase o concepto de xogo, integrando nel os que se realicen por canles electrónicas, informáticas, telemáticas ou interactivas, sempre que se desenvolvan dentro do ámbito da Comunidade Autónoma. Autorízase en locais de hostalería as instalacións de terminais de xogo distintos das máquinas recreativas. Establécese que a publicidade do xogo con carácter xeral requira a autorización administrativa previa. Dispónse unha nova clasificación das máquinas recreativas, incorporando novas categorías e deixando ao desenvolvemento regulamentario a posibilidade de incorporar novos tipos de máquinas. Modifícase o concepto de xogo do bingo, realizado tradicionalmente de forma presencial, para dar cabida a modalidades do xogo que poidan utilizar outras canles de explotación distintas da presencial.

E no capítulo dedicado ao medio ambiente inclúense dúas modificacións legais dirixidas á racionalización dos procedementos de avaliación ambiental. En primeiro lugar, para matizar o procedemento de avaliación ambiental aplicable aos instrumentos de ordenación do territorio. En segundo lugar, para modificar a tipoloxía dos procedementos de avaliación ambiental.

No ámbito da ordenación farmacéutica modifícanse varios preceptos da Lei de ordenación farmacéutica de Galicia ao obxecto de fixar a obriga de contar cun establecemento propio de farmacia naqueles centros hospitalarios, de asistencia social e psiquiátricos que teñan cen ou máis camas, na liña do establecido noutras comunidades autónomas. Ademais, a aplicación da medida relativa ao depósito de fármacos permitirá obter aforro económico para o Sergas.

Teñan en conta que os medicamentos adquiridos polo servizo de farmacia do centro hospitalario non levan marxe de distribución, polo tanto, permiten obter aforros importantes. Ademais, no mesmo ámbito modifícase o precepto relativo aos horarios e servizos de garda en farmacias, ao obxecto de que as existentes en zonas rurais gocen dun réxime distinto previo á autorización.

Por último, adáptase o réxime sancionador á normativa estatal. O último capítulo da lei, dedicado á saúde, incorpora na

Lei de saúde un novo apartado no precepto relativo aos titulares do dereito á protección da saúde e atención sanitaria, de maneira que se precisan os criterios que determinan o concepto de residencia en Galicia, aproximándoos ao concepto de residencia habitual da normativa tributaria ao obxecto de evitar a fraude na declaración sobre o Estado membro onde reside o usuario dos servizos correspondentes.

Por outra parte, adáptase o desempeño das funcións do profesorado de ensino secundario e profesorado técnico de Formación Profesional ao disposto na Lei de economía sostible, co obxecto de facilitar o cumprimento dos fins e das funcións dos centros integrados de formación profesional. Ademais, amplíanse as actuacións de protección do medio ambiente ás que pode destinarse o Fondo de Compensación Ambiental.

E, por último, permítese que a Comisión de Seguimento e de Execución dos proxectos de desenvolvemento de natureza industrial poida coñecer o estado de execución dos demais criterios de selección vencellados aos parques eólicos adxudicados.

Pola miña banda máis nada e moitas grazas, señorías.
(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Defensa das emendas á totalidade de devolución. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Señorías.

Señora conselleira.

Nós a verdade é que a escoitamos falar hoxe moitas veces da eficacia; da eficacia como valor superior que prima sobre calquera outra consideración; a eficacia sobre a progresividade; a eficacia sobre a democracia e a tramitación demorada, pausada, dos proxectos de lei; a eficacia, por tanto, como regra diante da que deben ceder as demais. Pero, claro, esta ditadura da eficacia moitas veces o que agocha son outras intencións menos confesábeis. ¿Eficacia para que? Porque a eficacia non prexulga cales son os fins, entón os fins poden

ser positivos, beneficiosos para a maioría da poboación; ou, aproveitando a tramitación desta especie de lei ómnibus—esta especie de caixón de xastre onde se mete de todo—, favorecer, por exemplo, a determinadas empresas. Poño por caso, cando se elimina a necesidade de avaliación ambiental estratéxica para proxectos sectoriais de carácter supramunicipal, mesmo que non estean integrados nun plano sectorial. E igual que cando se elimina na Lei de acompañamento para o 2012 esta esixencia, e se substitúe simplemente por un informe motivado da consellaría, igual non hai unha consideración de eficacia, hai unha resposta a unha presión, unha resposta a unha demanda, poñamos por caso, dunha empresa de acuicultura que quere poñer unha piscifactoría en Touriñán, fóra do Plano sectorial de acuicultura. Pode ser moi eficaz, poden ser vostedes moi áxiles, pero claro, o fin, o obxectivo que se persegue, non é precisamente loable.

E como poño este exemplo podo poñer moitos outros. Porque esta ditadura da eficacia ao final lévanos a esa tecnocracia que xa países máis adiantados ca nós, como Grecia ou como Italia—máis adiantados quero dicir nisto da austeridade—, están experimentando con grande éxito. Claro, vemos que os tecnócratas que están neses gobernos todos van partillando algunha condición, a maioría deles traballaron para Goldman Sachs, ¡que casualidade! O gran tecnócrata ministro do Goberno italiano foi un xestor dunha entidade bancaria dese país. Pois non sei se son tecnócratas ou non—non sei se son técnicos— pero, desde logo, defenden intereses moi concretos. Agardo que o fagan ademais con eficacia, seguramente a maioría dos italianos pensarían que era mellor que fosen un pouco máis ineficaces.

Pero, mire, eu entendo que no modelo que vostedes defenden, o modelo que se intenta impoñer, un modelo cada vez máis descarnado, cada vez máis desprovisto de calquera maquillaxe, onde se ve claramente que as medidas que vostedes propugnan non é o Estado de benestar, non é iso, é que cada vez uns poucos—verémolo agora— teñan máis á custa da maioría; que cada vez uns poucos—por exemplo, os que viven dos rendementos do capital, os que viven da especulación— teñan máis a custa de degradar as condicións de vida, o nivel de vida e os servizos públicos dos que depende o resto da poboación. E iso está sucedendo así.

Hoxe pola mañá a axencia Fitch diciallo claramente ao Partido Popular: se queren recuperar a confianza dos investido-

res –por tanto, os que teñen capital–, teñen que acometer un programa radical de recortes, 65.000 millóns de euros. Iso si, non pola vía de incrementarlles os impostos a esas familias, non, non; pola vía do recorte do gasto social, da degradación dos servizos públicos e da privatización. Non, non, o señor de Industria sabe bastante destas cousas. É o que está sucedendo en Portugal, non inventamos nada; é o que está sucedendo en Grecia, non inventamos nada; é o que está sucedendo en moitos países europeos que seguen por esta senda que non leva a un maior crecemento, leva a unha maior conflictividade social porque rompe a cohesión social, leva a un menor crecemento, cando non directamente á recesión.

E, claro, isto non se pode impoñer pola vía democrática. Non van dicir vostedes: imos plantexar un referendo para ver se a xente quere recortes. Non, non, a ver se o podemos meter a través dun decreto lei –disto saben bastante, supoño que xa escarmentarían, os compañeiros do Grupo Socialista–, imos ver se o podemos meter pola vía da Lei de acompañamento; ou a través dunha reforma exprés da Constitución, iso si, que non se vote. E se alguén –como o señor Papandreu– pretende un referendo, dámoslle un golpe de mercado. ¿Por que vai votar a xente? Golpe de mercado, que é o que está agora de moda.

Pois, mire, esta Lei de acompañamento insírese claramente nesa liña: escamotear o debate, evitar o contraste social de decisións normativas, de opcións políticas que aquí se adoptan. ¿E por que? Pois é evidente por que. Porque, claro, en materia fiscal vostede di que o que aplican son reformas fiscais selectivas. Eu vólvolle dicir: non, non, o que aplican son rebaixas fiscais selectas, a determinados colectivos ben selectos. Dirá vostede: rebaxar á metade o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para adquisición dunha vivenda habitual; pero sen poñer ningún límite relativo ao prezo desa vivenda nin tampouco relativo á capacidade económica do adquirente da vivenda. ¿A vostede parécelle xusto? A nós non. Haberá que limitar un prezo máximo, haberá que establecer unha contía, un límite máximo de capacidade económica para que as persoas se poidan beneficiar desta rebaxa. Non parece xusto que unha persoa que queira adquirir unha vivenda de 400.000 euros e gaña 150.000 euros ao ano vaia pagar a metade. Agás que o que vostedes pretendan con este imposto non sexa realmente –xa sei que isto é moi anticuado, é do paleolítico superior polo menos– falar de progresividade fiscal, senón facilitar a

venda do stock de vivendas baleiras que teñen as promotoras. Pero esa é unha cuestión diferente que non ten nada que ver coa satisfacción do dereito á vivenda.

Pero, claro, hai impostos que vostedes soben, si, si. Por exemplo, pasou con pés de lá sobre o asunto: artigo 10. Home, supoño que vostede saberá que no artigo 10 restablecen o pagamento íntegro do coeficiente de vertedura aos titulares de pozos e captacións privadas de auga. Antes estaban exentos, tiñan a bonificación do 90% tamén no coeficiente de vertedura; agora con esta regulación van ter que pagar o coeficiente de vertedura completo. Por tanto, isto é unha revisión que si sobe o imposto, que si establece un novo gravame. Claro, non é selecto porque isto é para xente que, en fin, bebe dun pozo. Moi selecto non é, pero é un novo imposto que vostedes establecen.

Tampouco é moi selecta esta nova taxa que vostedes poñen. Decía o señor Sueiro: bueno, é que depende do custo de prestación do servizo. Pola renovación da tarxeta sanitaria 10 euros. Pero, claro, ¿quen vai ter que renovar esta tarxeta sanitaria que agora ademais non caduca? Lémbrao o Consello Económico e Social no seu informe. Esas persoas que vostede dicía –ese código 29–, que están no paro, teñen traballo, volven ao paro e teñen que regularizar permanentemente a súa situación diante do Sergas cunha nova tarxeta sanitaria de cada vez. Non é só que no íterim estean sen prestación sanitaria completa, é que ademais, cada vez que teñan que regularizar –como vostedes din ou como vostede indicou– a súa situación, 10 euros. Iso vai ser así. Claro, é certo que para os outros –porque isto é como o do conde Lucanor, sempre hai algún detrás–, os PSR, esas persoas sen recursos, bueno, se pagan os 10 euros da tarxeta sanitaria, ben, e se non que vaian só a urxencias, que total ¿para que van ir ao médico de cabeceira ou ao especialista?, ¿para que lles imos dar receitas para medicamentos? Que vaian a Cáritas, que é o que están facendo neste momento. Si, vostede está polo Estado de benestar, vexo que o esta.

Canon da auga. Persoas en risco de exclusión. ¿Que é unha persoa en risco de exclusión? É dicir, ¿que esta bonificación no canon da auga é só para as persoas que cobran a risga? Non parece moi lóxico. Nós propoñémoslles unha emenda –a mesma que propuxemos na tramitación da Lei de augas–, que é establecer unha bonificación do 50% cando haxa unha familia numerosa, 50% cando algunha das persoas residen-

tes na vivenda acrediten estar en situación de desemprego, 50% da cota cando se trate dunha familia monoparental, 50% cando a suma dos ingresos mensuais das persoas residentes na vivenda sexa inferior ou igual a 2,5 veces o IPREM, e o 100% cando a suma dos ingresos mensuais das persoas residentes sexa inferior ou igual ao IPREM. E isto é moito máis claro, moito máis simple, evítalle moita tramitación burocrática e máis xusto, ademais. Porque, claro, se a bonificación vai ser unicamente para quen cobre a risga, cada vez son menos persoas. Porque sabe que na risga está o sistema de cama quente: unicamente se reconece un novo beneficiario da risga cando hai unha baixa dun beneficiario anterior. Este é o seu sistema.

Desprotección do territorio e do medio ambiente. Eu xa lle falei desa modificación que intentan meter así, a ver se non se nota, de que os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal –verbigracia Barreiros– non teñan que estar sometidos a avaliación ambiental estratéxica. Non, non, a xuízo da consellaría, que é a mesma que ten competencias en materia de infraestruturas, urbanismo, etc. Vale cun informe motivado desa mesma consellaría. É dicir, que se elimina calquera protección ambiental.

Pero é que vostedes derrogan tamén, eliminan, o procedemento de avaliación de efectos ambientais, e, por tanto, todos aqueles proxectos que están fóra da avaliación de impacto ambiental tamén van quedar fóra de calquera tipo de cautela ambiental. E estamos falando de cousas como, por exemplo, de parques eólicos de menos de 50 aeroxeradores. Pois, en fin, algún tipo de cautela, algún tipo de protección ambiental neste caso nós pensamos que sería necesario. Pero, claro, por razóns de eficacia se cadra é mellor que non; por razóns de eficacia, se cadra é mellor que nin sequera expropien, que vaian alí coas paleadoras, que poñan os muíños e logo xa un informe da consellaría dirá que está todo ben. Saberá o señor Guerra a que presións responden este tipo de modificacións.

En materia sanitaria, claro, vostedes establecen mínimos horarios de servizos de urxencia nocturnos inferiores aos establecidos regulamentariamente para as zonas farmacéuticas rurais de tres ou menos farmacias e nas que non haxa punto de atención continuada. É dicir, en contra do que dixeron cando presentaron o orzamento, de que este era un orzamento que apostaba polo reequilibrio territorial, ¡todo o con-

trario! Grandes zonas do interior de Galiza, grandes zonas do rural de Galiza, van quedar sen servizo farmacéutico nocturno. Bueno, como agora van ampliar a publicidade do bingo e estas cousas, igual nas salas de bingo poñen dispensadores de medicinas. Pode ser que poñan dispensadores nocturnos de fármacos, porque o bingo si que vai ter maior publicidade e máis horas de apertura. Pode ser un exemplo dese Estado de benestar ao que vostede se refire.

E, claro, cando falamos de eliminar a obriga de que hospitais e centros psiquiátricos ou de asistencia social con menos de cen camas –antes eran 50, vostede sobre isto tamén pasou así, porque a eficacia, xa se sabe– contén un servizo de farmacia propio, bueno, confunde tamén dúas cousas. Ter un servizo de farmacia propio nun centro sanitario é para efectos de dispensación adecuada deses medicamentos, deses fármacos, non é a efectos de adquisición. Pode haber unha adquisición centralizada e servizos de farmacia en cada centro que o que deciden é sobre a dispensación deses medicamentos. Pero, claro, mire, á parte de que esta medida beneficia á práctica totalidade dos hospitais privados que hai en Galiza, eu creo que sería bo ver a quen vai afectar: hospital Virxe da Xunqueira, de Cee, 75 camas, a partir desta lei eliminámoslle o servizo de farmacia; Hospital do Barbanza, 87 camas, a partir desta lei, sen servizo de farmacia; Hospital de Verín, 79 camas, que o saiban tamén os de Verín, sen servizo de farmacia; Hospital do Salnés –¿que dirá o alcalde de Vilanova, que xa estaba así algo soliviantado?–, 89 camas, a partir desta lei, sen servizo de farmacia propio –é certo, abren vostedes a posibilidade de concertar con algún centro privado que estea na proximidade–; Valdeorras, 102 camas, bueno, poden eliminar dúas e así tamén lle sacamos a Valdeorras o servizo de farmacia. ¿Isto é por consideracións de eficacia tamén, señora conselleira? ¿É por consideracións de mellorar o Estado de benestar, o servizo prestado por estes centros, e mellorar tamén o reequilibrio territorial? ¿Ou é tamén por atención a consideracións de recorte dos servizos públicos e de favorecemento tamén do lucro no sector da sanidade privada? Pois eu non teño ningunha dúbida de que máis ben será isto segundo.

E claro, titulares do dereito á atención sanitaria. ¿Lembran aqueles tempos nos que vostedes repartían por América tarxetas sanitarias do Sergas? ¿Lémbrano? Si, si, entre chourizo e lacón, tarxeta sanitaria. Si, si, dicían que era un dereito de todos a tarxeta sanitaria. Claro, agora, coidado, é que xa

non votan tanto, ¡é que agora xa non votan tanto! Entón, agora, ¡ollo!, agora non, agora xa non. Agora, para ter dereito a unha asistencia sanitaria completa –aínda que teñan a nacionalidade, ¡ollo!–, teñen que residir máis de 183 días en Galiza ou ter en Galiza o centro dos seus intereses económicos. ¡Que curioso! ¿Que foi o que cambiou aquí?, ¿que xa non lle serven como mercadoría electoral?, ¿que xa non paga a pena? Pero, bueno, supoño que tamén terán que dar algunha explicación sobre isto.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Aymerich, por favor.

O señor AYMERICH CANO: Xa remato, señora conselleira.

Mire, non son razóns de eficacia... –Perdón, señora presidenta. Non sei se no futuro, pois...–. (*Murmurios.*) Non son razóns de eficacia, son outro tipo de razóns.

E falando –e xa remato– do imposto sobre o patrimonio...

A señora PRESIDENTA: Si, remate, por favor.

O señor AYMERICH CANO: Din vostedes que rebaixar, como nós facemos, a 300.000 euros o mínimo exento, excluída a vivenda habitual, afecta as clases medias. ¿Pero saben vostedes cal era o mínimo exento no ano 2008? É que no ano 2008 o mínimo exento eran 108.000 euros con carácter xeral e 216.000 euros cando había unha persoa discapacitada. ¿E estame dicindo que agora, en plena crise, cando están recortando todo o recortable, cando están espremendo a maioría da poboación todo o que a poden espremer...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... as persoas que teñen un patrimonio neto, excluída a vivenda habitual, de 300.000 euros non teñen que facer un esforzo suplementario? ¿Esas son as clases medias? Pois, en fin, en Galiza as clases medias débenlle ser moi pouco numerosas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, moi boas tardes.

Señora conselleira, cando presentaba vostede este proxecto de lei dáballe a risa. Eu creo, e no meu grupo parlamentario pensamos, que en termos democráticos a presentación desta lei non é para rir, é para botarse a chorar, porque é un engano á democracia. (*Aplausos.*)

Mire, eu creo que vostede esgrimiu aquí argumentos que teñen que ver coa busca da eficiencia, da eficacia...; eu creo que nada diso está neste proxecto de lei. Aquí o que está é o sectarismo e a ideoloxía do Partido Popular; o sectarismo, colocando o urbanismo ao servizo do Partido Popular, e a ideoloxía, facendo que o mercado estea sobre as persoas, ou que a redución de custos estea fronte á mellora dos dereitos. Iso é o que conseguen vostedes con este proxecto de lei.

Cando o presidente da Xunta de Galicia tomou posesión comprometeu ante todos os galegos cumprir a lei e recuperar a ética democrática. ¿Cre vostede realmente que esta lei atende á recuperación da ética democrática, este saco roto no que serve todo, que é colar pola porta de atrás modificacións substanciais de leis que nada teñen que ver co orzamento?

Nós discrepamos da utilización desta técnica lexislativa; tanto discrepamos que a lexislatura pasada non houbo unha soa lei de acompañamento no orzamento, precisamente para dar seguridade xurídica aos cidadáns, porque a seguridade xurídica non se basea soamente no feito de ter informes, senón en aportar información clara aos cidadáns para que a coñezan, para que coñezan as leis e os cambios nas leis; algo que aquí, dende logo, non existe. Mirade, esta técnica, que pretende introducir reformas lexislativas relevantes pola porta de atrás, está rompendo esa necesaria claridade na información aos cidadáns, presentando información opaca e, polo tanto, facendo que sexa difícil facer un seguimento claro da evolución das leis. E estano vostedes facendo, o seu Goberno estao facendo. O propio Tribunal Constitucional tense pronunciado sobre o irregular desta actuación, e máis aínda cando se utiliza esta técnica co obxectivo de limitar a fundamental deliberación e publicidade ante os cambios lexislativos, a información a todos os colectivos afectados polas distintas modificacións legais, que teñen dereito a coñecela, señora conselleira.

Neste senso, o propio informe do Consello Económico e Social para este proxecto de lei indica o seguinte: “O CES considera inadecuada a técnica lexislativa que se trae con este anteproxecto e os problemas que suscita o uso dunha lei que regula unha profusión de materias distintas, provocando inseguridade xurídica ao incrementar a dispersión das normas reguladoras; o que dificulta a súa localización e entendemento por parte das persoas obrigadas por el.”

Polo tanto, señora conselleira, isto non é transparencia, isto é opacidade. Isto non é rigor, isto é unha chapuza; unha chapuza lexislativa á que vostedes intentan darlle un verniz de sentido común, quitando cousas que ata o de agora aparecían vinculadas ao orzamento, como, por exemplo, as taxas, prezos públicos, etc., e colocándoos neste proxecto de lei. Pero podían vostedes facer exactamente as mesmas modificacións que teñen que ver co orzamento sen necesidade de presentar este proxecto de lei. Iso si, o que non poderían facer é coar toda esta restrita de modificacións legais que nada teñen que ver co orzamento. A propia Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia advirte: “Respecto de tales leis, cómpre sinalar que teñen recibido críticas pola non sempre clara complementariedade orzamentaria, así como polo pouco que teñen de regulación de materias heteroxéneas nun só texto normativo; técnica normativa que non favorece a seguridade xurídica.”

Mire, este texto legal, señora conselleira, incorpora de xeito opaco cambios en 61 artigos ou disposicións de 15 leis, e derroga por completo a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de contaminación acústica; cambios no Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, do texto refundido das disposicións legais da Comunidade autónoma de Galicia; na tributación sobre o xogo; na Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei de augas; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei de subvencións; na Lei reguladora dos xogos e apostas en Galicia; na Lei de ordenación farmacéutica de Galicia; na Lei de saúde, na Lei que crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral; na lei que regula o aproveitamento eólico de Galicia e crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; na Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral; na Lei de protección ambiental de Galicia e na Lei de medidas fiscais e administrativas, a Lei de acompañamento do ano 2012.

¿Parécelle que estas leis teñen, a maior parte delas, algo que ver co orzamento, señora conselleira? ¿Cre vostede que son vitais? Porque efectos en ingresos ou gastos da Comunidade Autónoma non teñen ningún. Estas leis, ningún efecto en ingresos e gastos da Comunidade Autónoma.

Pero, ademais, é que non soamente é unha cuestión de forma, senón que é tamén unha cuestión de fondo, porque ao que están abrindo a porta de xeito reiterado –xa o fixeron o ano pasado e agora increméntase– é á utilización perversa das súas potestades lexislativas, en particular en materia de ordenación do territorio. Pero non llo di só este grupo parlamentario, é que llo di o propio Informe do Consello Económico e Social. Di o Informe do Consello Económico e Social: “Esta lei deixaría unha excesiva marxe de discrecionalidade a favor da Administración autonómica”.

Señora conselleira, ¿dáse vostede conta de que con esta modificación legal o conselleiro de Medio Ambiente e Territorio pode decidir que proxectos sectoriais teñen que levar avaliación estratéxica ambiental e cales non? ¿Dáse vostede conta, señora conselleira, de que con esta modificación legal lles van pedir a particulares e a concellos que realicen desenvolvemento de avaliación estratéxica ambiental de determinados proxectos sectoriais? Pero diranlle que en Barreiros non fai falta, ¿sabe vostede por que? ¿Sabe vostede por que fan esta lei? Porque non hai avaliación estratéxica ambiental favorable posible no concello de Barreiros. Para saltar a legalidade teñen que facer esta lei. (*Aplausos.*)

Pero non é soamente iso, señora conselleira. É que non hai avaliación estratéxica ambiental posible para superar os problemas do concello de Fisterra, porque non hai avaliación estratéxica ambiental posible que supere a instalación dunha planta de acuicultura en Touriñán, porque non hai posibilidade de que unha avaliación estratéxica ambiental supere as falcatruadas que están facendo polo territorio. Por iso están facendo esta modificación legal, señora conselleira. Coáronlla de rondón.

Pregúntelle vostede ao señor conselleiro de Medio Ambiente que está aprobando con esta lei, porque estou segura de que vostede non o sabe. Están colocando o urbanismo ao servizo do Partido Popular. Non é a primeira vez, pero, paseñamente, xa o ano pasado, desprotexían os solos de Galicia, os solos das nosas costas, os solos dos nosos ríos, os

solos que tiñan protección ambiental, e agora continúan esa deterioración ao servizo do Partido Popular.

Pero non é soamente que teña que ver con motivos da lexislación en materia de medio ambiente e territorio. Señora conselleira, ¿é que vostede está de acordo co desmantelamento que están facendo dun dos piares básicos do noso Estado do benestar, que é a política sanitaria? ¿Vostede está de acordo co que se aproba aquí? ¿Vostede está de acordo con que entre os cidadáns e as empresas só primen os criterios das empresas, por exemplo, para manter os horarios das gardas farmacéuticas? Porque o único que se aporta nos distintos informes presentados pola súa consellería, señora conselleira, para xustificar este cambio no horario de apertura das farmacias rurais, é o seguinte, que aparece no informe da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da súa consellería. Di: “A actual regulación está a provocar situacións incoherentes, con enormes perdas económicas para os propietarios dalgunhas oficinas de farmacia en zonas rurais. E así, con este cambio, dáse resposta ás demandas dos titulares das mesmas e aos colexios oficiais de farmacéuticos”.

Señora conselleira, ¿onde quedan os cidadáns? ¿Onde queda a necesidade de que os cidadáns de calquera concello galego que non ten un punto de atención continuada poidan ter un servizo farmacéutico? Porque se poden pór malos un sábado pola tarde e durante todo un domingo, ou calquera noite, e precisar a compra dun medicamento ¿Quen lles vai prestar ese servizo a eses cidadáns?

De novo o informe do Consello Económico e Social di que priman os intereses económicos sobre os intereses dos cidadáns, deixando sen acceso a un servizo a unha parte moi importante de Galicia.

Eu preguntome: ¿É esta a política de reequilibrio territorial do Partido Popular? ¿É esta a política de cohesión territorial do Partido Popular, deixar abandonadas as familias das zonas do rural de Galicia, que xa teñen unhas necesidades dos usuarios? Só responde a que gañen máis as farmacias, señora conselleira. Iso si, seguirán sen poder instalarse onde queira o mercado, seguirán tendo exclusividade na prestación dun servizo, pero xa non terán obrigatoriedade de prestación de determinados servizos aos cidadáns.

Pero non é soamente iso. É que, ademais, coas introducións de modificacións nesta lei, eliminan o dereito básico e universal á prestación sanitaria.

Señora conselleira, seis meses de estancia en Galicia para ter o dereito á prestación sanitaria –é que non llo dicimos nós, dillo o propio informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia– quebra a universalidade do principio de atención sanitaria. Pero non é soamente que o quebre, señora conselleira, é que, ademais, a propia asesoría xurídica lle di que é inconstitucional.

Polo tanto, ¿que están facendo con esta lei? Abrindo as portas a que non sexa un servizo universal. Xa o están facendo tamén coas persoas sen recursos, pero de xeito claro aquí, con independencia da nacionalidade, incluso de que sexan españois, das persoas que teñen dereito a unha atención sanitaria; hoxe teñen un dereito e mañá vostedes retíranlles ese dereito.

Pero non é soamente iso, senón que, ademais, agora a calquera cidadán –na lei séguese poñendo, señora conselleira–, por renovación ou reposición da tarxeta sanitaria, nos cobrarán 10 euros. Señora conselleira, o dereito á prestación sanitaria é universal e gratuíto. ¿Por que hai que pagar 10 euros? Por certo, 10 euros parece un custo moi excesivo para o custo da tarxeta. E pensan recadar nada máis e nada menos que un millón de euros a custa das tarxetas sanitarias. ¿Non? Se nos fan pagar a todos, señora conselleira, multiplique, que pode sacar vostede 30 millóns de euros. ¿Se esa é a súa forma de conquistar recursos para o Sergas!

Nós cremos que vostedes de novo con esta iniciativa están abrindo a porta ao “repago”, porque as prestacións sanitarias pagámolas cos nosos impostos, señora conselleira. E vostede abriu unha porta moi perigosa con esta iniciativa.

Pero non soamente iso –aquí citábase hai un intre–, están privando do servizo de farmacia a moitos hospitais; a moitos hospitais que non son menores, que non son cativos: o hospital de Verín, da Barbanza, Virxe da Xunqueira, do Salnés, do Barco de Valdeorras... ¿A vostede lle parece que isto é unha prestación axeitada dos servizos sanitarios? A farmacia existe para poder prestar un servizo aos cidadáns. Se non existen eses fármacos cando son precisos para atender unha doenza, a calidade do servizo deteriórase. Por certo, o propio Consello Económico e Social maniféstallo así, señora conselleira.

Esta lei incorpora unha chea de modificacións. Coa Lei de augas, o mellor que poden facer vostedes é derroglala, porque aínda non se puxo en efecto que entra o 1 de xaneiro do ano 2012 e xa teñen que facer un sinfín de modificacións porque se dan conta de que isto é unha chapuza; iso si, as modificacións que fan continúan a ser unha chapuza. ¿Sabe vostede, señora conselleira, que de todas as modificacións que propoñen sobre a Lei de augas a rebaixa para esas persoas que cobran a risga –que é un escándalo– é arredor do 15% do que pensar dar en beneficios fiscais e o outro 35% é para as empresas que se dedican á explotación da acuicultura? Vostedes, ¿para que están facendo estas modificacións?

Míre, eu creo, sinceramente, que non hai xustificación posible a este proxecto de lei, que todo o que ten que ver cos ingresos e gastos da Comunidade Autónoma, con taxas, prezos etc., teñen –algúns, desde logo, como a tarxeta sanitaria hai que eliminalo, señor conselleira– cabida no proxecto de orzamentos. Pero é máis, ¿sabe vostede que moitas destas normas, señora conselleira, só teñen vixencia ata o 31 de decembro do ano 2011? Non sei cando se aprobará esta lei, pero pode que teñan vixencia 10-5 días, ou 6 días...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vaia rematando, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: ¿Parécelle a vostede que isto é continuidade, que é algo que ten sentido común?

Señora conselleira, vostede tamén introduce modificacións e rebaixas fiscais, por exemplo, para as que invistan no mercado alternativo bursátil. A verdade é que un le o informe da consellería e é, cando menos, sorprendente, porque se fala da potencialidade de 225 empresas cando, como vostede sabe, hai catro empresas galegas que cotizan no mercado alternativo bursátil, que é unha modificación que xa o fixeron o ano pasado e que soamente tres empresas tiñan dereito a esa modificación.

Polo tanto, estamos falando de cousas cativas, cousas pequenas, que non xustifican unha actuación que creba non soamente a ética democrática, a transparencia, o rigor, senón ademais, señora conselleira, que pon en perigo a prestación de servizos fundamentais...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... especialmente a nosa sanidade e a preservación do noso territorio.

Señora conselleira, esta lei é un escándalo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Caride.

Polo grupo Popular ten a palabra o señor Sueiro Pastoriza.

O señor SUEIRO PASTORIZA: Boas tardes, presidente.

Ben, pois acudimos de novo á tribuna para o debate deste proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas; unha lei que, como era previsible, nace baixo un manto de contestación que, dende o noso punto de vista, pois está totalmente inxustificada e que nos retrotrae de forma case litúrxica –repetindo as mesmas cousas sempre– ás sesións anteriores, a debates xa repetidos, onde cada grupo vai deixar de novo clara cal é a súa postura sobre unha cuestión que está absolutamente superada, non só desde o punto de vista da técnica xurídica senón tamén desde a práctica e o costume parlamentario. Polo tanto, a existencia das habitualmente chamadas “leis de acompañamento” está plenamente recoñecida, plenamente acreditada dende a óptica do procedemento xurídico e ademais repetidamente aplicada por administracións de todo tipo e color, nomeadamente por gobernos socialistas. Porque puideramos pensar que esta era unha cousa da que os socialistas fuxiron por considerala todo isto que a señora Caride vén de relatarnos, pero non, outra vez máis pero non. Os socialistas aquí cóntannos unha cousa, pero, cando empezamos a analizar o seu comportamento, vemos que en repetidas ocasións gobernos socialistas utilizaron este procedemento; incluso sobran exemplos da técnica lexislativa do extinto Goberno socialista do Estado. Polo que, dende o meu punto de vista, me parece unha perda de tempo e non utilizar axeitadamente o tempo de que dispomos para o debate e a discusión desta cuestión, e que no fondo o que oculta é, precisamente, a ausencia de argumentos, o que oculta é a ausencia de razóns sobre as cuestións que se debaten, máis que unha verdadeira cuestión de fondo e de profundidade.

De feito, é curioso como ese rexeitamento inicial se troca e volve chocar coa realidade cando hoxe comprobamos como o propio BNG presentaba unha emenda á Lei de orzamentos

onde pretendía crear unha escala de persoal funcionario. Ben, pois, efectivamente, unha lei de orzamentos, claro, non é o lugar axeitado para facer este tipo de modificacións, pero revela, efectivamente, unha maneira de utilizar a técnica lexislativa que é iso, facer un ómnibus. Aquí, efectivamente, as cousas non se fan nunca pola porta traseira senón pola porta principal. Esta lei entrou pola porta principal e xamais, en ningún caso, pola porta traseira, como se ten dito hai un momento nesta tribuna, e vai recibir o tratamento parlamentario que o seu rango de lei merece, e por suposto con toda, absolutamente toda, a lexitimidade democrática para tomar corpo unha vez que se teñan cumpridos todos os requisitos que a lei establece e entrar en efecto cando así o seu texto o determine.

Rexeitamos, polo tanto, contundentemente nas súas formas todas as consideracións que chegan a describir este trámite parlamentario nun claro exceso dialéctico como un xeito de violentar os usos democráticos. Bueno, pois sen facer outras referencias que nos poidan levar ao que son accesos impropios de edificios públicos, que iso si que parece violentar usos democráticos, esta lei ten os seus usos plenamente salvagardados neste mesmo momento en que estou a falar, neste mesmo momento en que se está producindo este debate, porque o que estamos é, precisamente, a facer un debate democrático dunha norma.

Tamén rexeitamos de forma expresa e contundente ese uso perverso que se está a facer dende as bancadas socialistas de determinados informes que acompañan a lei –o informe do CES, o informe da Asesoría Xurídica Xunta de Galicia– cuxa propia existencia, a propia existencia destes informes, tanto do CES como da Asesoría Xurídica, insisten na capacidade democrática e plena deste procedemento. Polo tanto, aquí estase facendo un debate diante dos representantes lexítimos, elixidos democraticamente, con todas as garantías legais; polo que, efectivamente, todas esas diatribas que a señora Caride nos regalou creo que quedan absolutamente sen efecto.

Pero creo que é merecedora de atención esa utilización perversa, esa utilización parcial, dalgúns informes como argumento, o que é claramente unha manipulación dos mesmos. Porque a señora Caride, efectivamente, incluíu un párrafo dese informe, pero evitou facer referencia xusto ao anterior; é dicir, ao que vai antes, ao que se le primeiro que o de vostedes, que di literalmente: “Esta lei caracterízase por ser funcionalmente un complemento necesario da lei de orzamen-

tos, ademais de recoñecela como a resposta, a doutrina do Constitucional, sobre os límites materiais ao contido normativo da lei de orzamentos”. Parece claro que, se algo é o complemento necesario da lei de orzamentos, nunca, en ningún caso, pode ser considerado ese escándalo que vostede nos referiu.

E iso é o que hoxe imos poñer aquí en debate, democraticamente, con plena transparencia e á vista de todos, coa máxima seguridade xurídica: un conxunto de medidas cuxo contido esencial o constitúen medidas de natureza tributaria, se ben incorporan outras de carácter e organización administrativa.

Insistimos, como xa fixemos en ocasións anteriores, en que na actual situación de incerteza económica, na actual situación de convulsión e confusión económica, resulta necesario, case imprescindible, a utilización desta posibilidade lexislativa como instrumento acaído para o cumprimento dos obxectivos perseguidos polos orzamentos e polo conxunto da política económica. Podemos entender –e así o entendemos– como opción política que vostedes, cando tiveron ocasión, fixeran uso ou non dese tipo de técnica lexislativa, pero en ningún caso aceptamos, de ningunha maneira, todas esas –insisto– argumentacións que tachan de antidemocrática ou de escandalosa a presentación dunha lei nunha cámara parlamentaria.

A evidencia da súa virtualidade como norma complementaria dos orzamentos, con transcendencia tributaria, vese cando na memoria económico-financeira –que tamén existe– se revela unha incidencia económica positiva ao producir un incremento da recadación de máis de 7,3 millóns de euros e un saldo neto de aforro, unha vez descontado o efecto dos beneficios fiscais, que tamén recolle a norma, de máis de 500.000 euros.

O contido da lei, que recolle unha serie de medidas fiscais que afectan os tributos propios, onde se establecen modificacións no IRPF e mais no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, mellorando as deducións xa existentes ou asimilando operacións hipotecarias de préstamo e crédito para mellorar a posición dos contribuíntes sen que existan condicionantes fiscais nesa elección, parécenos moi importante. Non había razón para que existise esa diferenza entre aquelas persoas que optaron por un crédito hipotecario fronte a un préstamos hipotecario, e,

polo tanto, para igualar e evitar, efectivamente, a transcendencia fiscal desa decisión equipáranse e iguálanse.

Modifícase a normativa vixente en materia de tributación sobre o xogo para actualizala e adaptala á nova realidade de modalidades de xogo con soportes tecnolóxicos. Tamén se introducen modificacións procedementais relacionadas coa liquidación de impostos ou cos deberes de información para notarios ou outros axentes necesarios na organización de xogos do azar. E, en materia de tributos propios, modifícase a estrutura do imposto, para que a base imponible se adapte á nova modalidade de bingo electrónico.

Máis alá dos chascarrillos bingüeros do señor Aymerich, un non entende cal pode ser a oposición que exista a este tipo de decisións, que o único que pretenden é facer unha adaptación administrativa aos novos tempos e ás novas situacións que a realidade plantexa.

Insisto, todas elas modificacións de carácter tributario e claramente relacionadas co documento orzamentario; polo tanto absolutamente xustificada a súa existencia e absolutamente inxustificadas as críticas que defende a oposición.

Tampouco entendemos esas críticas nin esas referencias ao establecemento dunha exención do canon da auga para aquelas familias con persoas en risco de exclusión social ou os centros de iniciativas sociais sen ánimo de lucro. Ben, vostedes quixeron facer unha campaña contra o canon da auga e quixeron levantar os argumentos do medo; quixeron sacar o dóberman á calle con este tema, pero non lles funcionou, e agora volven insistir en algo que quedou claro que, efectivamente, non é como vostedes din.

Por certo, eu recomendaría, señor Aymerich, que neste tema, cando vostede fale con esta perspectiva social das persoas en risco de exclusión social, tamén atenda as emendas presentadas polo Grupo Popular nesta materia, porque eu creo que levaría unha espero que agradable sorpresa. Polo tanto, tampouco atribúa vostede esa especie de fractura social á política do Partido Popular porque, efectivamente, non só somos sensibles, senón que nas nosas emendas se manifesta esta sensibilidade. E non entendemos de ningunha maneira que vostedes poidan poñer algún tipo de tacha a que se exencione esa parte da poboación con respecto a unha exención fiscal; pois tampouco o entendemos.

En materia de medidas administrativas, establécense modificacións en materia de adaptación á Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, á Lei de subvencións, á nova organización administrativa xurdida da Loxfaga, para darlle un carácter permanente a determinados preceptos que estaban limitados exclusivamente ao exercicio orzamentario, e reclamábase este marco temporal máis estable.

En materia de xogo, daráselle cobertura xurídica aos novos aspectos regulados pola regulación do xogo estatal, para adaptar as innovacións tecnolóxicas e as modalidades do xogo existentes na actualidade.

Tamén, é verdade, fanse modificacións de ámbito ambiental no que respecta á avaliación ambiental de determinados proxectos de carácter supramunicipal. Fronte ás acusacións, outra vez reiteradas, teimudas e tendentes ao medo, de incrementar a discrecionalidade ou de eliminar cautelas ambientais absolutamente inxustificadas, o que se persegue con esta modificación é mellorar a eficiencia da Administración, eliminando tramitacións duplicadas, nunca eliminando ningún tipo de salvagarda nin de trámite que puidera reverter nunha menor defensa ou salvagarda ambiental; unicamente eliminando tramitacións duplicadas, informes que xa estivesen realizados. E polo tanto, se se evitan tramitacións duplicadas, o que estamos procurando é evitar o malgasto de recursos públicos sen alterar para nada as esixencias e garantías ambientais.

Gustárame que a señora Caride non volvese insistir xa –se é posible nalgún tempo– na planta de Touriñán como exemplo da súa política de protección ambiental. Estana utilizando permanentemente como unha coartada dunha decisión que tivo un claro compoñente político. Aquela foi unha decisión política, nunca ambiental; foi unha decisión política que, ademais, prexudicou notablemente a Costa da Morte. Polo tanto, é unha coartada daquel goberno, pero nunca é un argumento nin unha xustificación. Pídlle que, dunha vez por todas, abandone esa coartada porque foi unha decisión política, para prexudicar directamente un territorio.

Por último, tamén se introducen modificacións no ámbito da ordenación farmacéutica e no ámbito da saúde, en ambos os dous casos atendendo a necesaria optimización na utilización de recursos públicos e na procura da eficiencia na prestación de servizos; obxectivos que para nada teñen que ver nin se poden relacionar coa eliminación do dereito básico e

universal á prestación sanitaria, como con grandilocuencia nas súas manifestacións e moita tendenciosidade, por certo, vén de manifestar ou criticar o Grupo Socialista.

Falan da renovación e da reposición da tarxeta sanitaria. Pois, efectivamente, é unha medida, probablemente necesaria, para optimizar o bo uso dos recursos públicos. Efectivamente, é unha medida necesaria para optimizar a utilización e o bo uso dos recursos públicos. Falamos de reposición por mal uso, por extravío; de reposición, cousa que non lles debe estar estrañando tanto nin aos socialistas nin ao Bloque Nacionalista Galego porque –como xa dixen nalgunha ocasión– no meu concello pagamos tarxetas a 30 euros para acceder a edificios públicos. Para acceder a edificios públicos temos que sacar unha tarxeta e témola que pagar a 30 euros. Creo que non lles debe causar ningunha estrañeza. Aquí falamos da reposición por extravío, señores, precisamente buscando a boa utilización dos recursos públicos. (*Murmurios.*)

Falamos de adecuar á realidade, no tema dos horarios das farmacias no medio rural, de xeito extraordinario, señora Caride, de xeito extraordinario –xa fala vostede de deixar sen servizo de farmacia a un amplo territorio do noso medio rural–, para casos concretos. E é unha reclamación...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor SUEIRO PASTORIZA:... que en moitos casos piden precisamente as propias oficinas de farmacia para salvaguardar a súa viabilidade económica. Precisamente en casos e de xeito extraordinario pódese acudir a ese tipo de redución horaria onde e cando se dean determinadas características; e, xa digo, respondendo ás demandas do propio sector.

Falamos de igualar a nosa organización sanitaria ás mesmas ratios utilizadas nos sistemas sanitarios da maioría das comunidades autónomas. Faise agora nova demagogia co tema das 50 camas e das 100 camas. Oia, ¿trece comunidades autónomas de España poden considerar que están privando do servizo aos seus usuarios? ¿Trece de dezasete? Ímonos igualar. Algunhas delas, por suposto, gobernadas ata hai pouco polos socialistas. Outra vez a coherencia como bandeira.

E, insisto, por falta de tempo, gustaríame facer outra referencia a eses recortes; recortes anunciados hoxe precisamente por grupos nacionalistas, socios do BNG..

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Sueiro.

O señor SUEIRO PASTORIZA:... cando fala directamente e sen ningún tipo de reparo de copago e de redución de soldos a funcionarios.

Defenderemos esta lei, señora conselleira, desde o grupo parlamentario, esperando que no seu trámite parlamentario reciba o mellor tratamento, reciba todas as achegas que sexan oportunas, e esperando que ao final resulte o mellor texto posible.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sueiro.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Hoxe a portada dun coñecido xornal compostelán indícanos que os nobres tamén padecen a crise, “os ricos tamén choran”. Di que Alfonso Martínez de Irujo, duque de Aliaga, segundo fillo da duquesa de Alba, inaugurou onte en Santiago un ciclo de conferencias sobre a nobreza galega. Defendeu a ultranza o papel desta institución –non me estraña–, da que asegurou que non ten ningún privilexio en España. Subliñou que os nobres tamén sofren; en época de crise teñen que levar unha vida como todos, co seu traballo. Iso si, pagar impostos non, que para iso xa se preocupan vostedes de non rebaixar o mínimo exento do imposto sobre o patrimonio. Efectivamente, eu creo que tamén esta é a maioría social; temos que ter en conta estes estamentos que tantos favores nos fixeron, que un labor social tan importante cumpren; e, por tanto, esta clase media debemos preservala e non debemos gravar, efectivamente, o seu aforro.

Mire, señor Sueiro, cando fala do artigo 26 desta lei, que exclúe determinados proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, que os exclúe da avaliación ambiental estra-téxica, ¿de onde tira vostede? Dígoo porque no texto da lei non está; entón, non sei se ten vostede outra información que a nós non se nos deu. ¿De onde saca vostede que do que se trata é –¿como dixo?– de evitar tramitacións duplicadas en

aras dunha maior eficiencia? Aquí non aparece. (*Murmurios.*) Non, non, bueno, o informe da lei..., iso... Mire, o informe da lei aquí o único que di é que serán excluídos de avaliación ambiental estratéxica en función..., que será substituída por unha decisión motivada pública e axustada do órgano ambiental. Punto, nada máis. Decisión motivada, órgano ambiental. ¡Que curioso!, é a mesma Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Claro, unha decisión, unha resolución administrativa pública quere dicir que se publica. Pública non quere dicir –como sucede na tramitación da avaliación ambiental– que se someta a información pública antes de ser aprobada. Esa é unha diferenza substancial que vai na liña do que antes lle dicía: evitar a participación pública, evitar o coñecemento de que intereses se pretenden protexer a través destas reformas. E é así e non hai outra cuestión. Agora, se vostede xa sabe a que se refire ou xa llo contaron ou, bueno..., pero é información que no expediente –pola información da que dispomos no Bloque Nacionalista Galego– non aparece.

Mire, coeficiente de vertedura, é que o artigo 10 restablece que os titulares de pozos, captacións privadas –si, si– ou persoas que non se abastezan da rede pública teñen que pagar agora o coeficiente de vertedura íntegro; eliminan a bonificación do 90% para estas persoas. Isto vén dunha emenda do Bloque Nacionalista Galego, que estendía a redución do 90% na cota tanto ao canon da auga como ao coeficiente de vertedura. ¿Que fan vostedes agora? Restablecer o coeficiente de vertedura, a cota íntegra para estes contribuíntes. Si, si. ¡Home!, claro que si, claro que si, (*Murmurios.*) pero a ver se o metemos na Lei de acompañamento e pasa así desapercibido, a ver se a xente non se decata destas situacións. (*Murmurios.*) Non, non, ¡que va! Non, xa llelo contaremos. (*Murmurios.*) Si, si, non, xa, se con vostedes... (*Murmurios.*) Non, non... Si. ¿Como? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, por favor, lean a lei. Eu é que, como non teño outras informacións, leo a lei, que é a onde hai que ir, e ao final é o que se vai aprobar ou non aprobar neste Parlamento. Outro tipo de consideracións...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Mire, ademais, as deducións na cota do canon da auga. Eu, vólvollo repetir: ¿que se entende por persoas en risco de exclusión social? ¿Persoas en risco de exclusión social son exclusivamente os beneficiarios da risga? Pre-

gunto, é que non sei quen son. Porque, claro, é un concepto xurídico indeterminado; a ver, pode ser calquera de nós. ¡Olo!, en risco de exclusión social, na sociedade na que estamos, dun día para outro tes un revés e é así. (*Murmurios.*) Non, é así. Si, ríase, señor Castiñeira. Pero isto haberá que aclaralo.

Entón, nós o que propoñemos é algo bastante máis claro e bastante máis obxectivo, que é un criterio obxectivo de ingresos: o IPREM. Quen estea por debaixo do IPREM, dedución do 100%; quen estea por debaixo de 2,5 veces o IPREM, bonificación do 50%. É que é moito máis claro.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: É moito máis claro, moito máis limpo e afórralle, iso si, trámites burocráticos e gastos de tramitación á consellería; á parte de ser moito máis xusto.

Polo demais, nós entendemos que este é un instrumento que está totalmente inxustificado. O que teña que ver cos ingresos e os gastos pode perfectamente meterse a través do articulado da Lei de orzamentos. E o resto destas modificacións, que pretenden, a través ademais dunha tramitación de urxencia non motivada, facer pasar...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... de forma desapercibida e que van ter unha incidencia moi grave, como a propia derogación da lexislación de contaminación acústica sen substituíla por ningunha outra regulación– merecen un debate pausado, pormenorizado nesta Cámara, a través do procedemento lexislativo ordinario.

Por estas razóns mantemos esta emenda de totalidade e pedimos a devolución do proxecto de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Moitas grazas, señora conselleira.

Señora presidenta, señorías.

Señor Sueiro, creo que vostede ten que entender cal é a modificación que se fai da Lei de ordenación do territorio. Mire, precisamente por iso dicimos que hai dispersión normativa e que este debate non se pode producir como debería producirse, con transparencia no Parlamento. Porque o normal sería que o debate sobre a Lei de ordenación do territorio o estivera dando o voceiro do Partido Popular en materia de territorio, o voceiro do Partido Socialista en materia de territorio e a voceira do Bloque Nacionalista Galego en materia de territorio. Pero non ocorre nada diso, trátase como un tema económico. Pero polo menos lean vostedes os informes que se adxuntan a este proxecto de lei. Por certo, este ano hai informe, ¿sabe?, do Consello Económico e Social, da asesoría xurídica. ¿Sabe por que non os houbo o ano pasado, e eu non sei xa se os volverán traer? Porque os informes revelan que esta é unha desfeita, que isto non se pode facer, que é unha irregularidade clara e manifesta, que dan opacidade e inseguridade xurídica. Iso é o que revelan eses informes; por certo, revelan tamén que non teñen nada que ver co orzamento.

Pero mire vostede onde está a explicación de por que se fai esa modificación na Lei de ordenación do territorio: no voto particular que fan os empresarios no Consello Económico e Social. No voto particular, ¿sabe o que din? Mire, a nova redacción supón un cambio importante, porque antes era obrigatoria en todo caso a avaliación ambiental nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, agás que se desenvolvesen nun plan sectorial previamente sometido a avaliación. Agora estipúlase que será obrigatoria segundo estabilidade o órgano ambiental competente. Señor Sueiro, ¿non lle queda claro? O señor Agustín Hernández decidirá que proxecto sectorial ten que pasar a avaliación estratéxica ambiental e que proxecto non a ten que pasar. Eu xa lle anticipo, mire, o de Barreiros non a vai pasar, ¿sabe por que? Porque xa intentaron que pasara e non pasou; claro, imposible. Polo tanto, como non pasou, agora abren a porta a que non sexa necesario. É un escándalo. É inxustificable, señora conselleira de Facenda, que vostede se preste a esta irregularidade. Porque é vostede a que trae este proxecto, aínda que sexa doutro dos seus departamentos da Xunta de Galicia.

Mire, eu quedo especialmente preocupada logo da intervención do voceiro do Partido Popular. Claro, porque creo que os cidadáns xa estamos acostumados e preocupados con ese recurso de que nos cobren pola tarxeta sanitaria, da xustifi-

cación de cobrar 10 euros pola tarxeta sanitaria. É que o señor Sueiro acaba de dicir –supoño que o Goberno así o entende– que é pola boa utilización dos recursos públicos. ¿A que nos soa?, ¿a que nos cobren por ir ao médico, ás urxencias, á atención sanitaria?, ¿a que nos cobren por todo? Señor, ¿que é a boa utilización dos recursos públicos? Por certo, xa sabemos que din vostedes que se hai un uso irresponsable da sanidade pública tamén a pagar. Mire, ¿sabe vostede, señora conselleira?, está facendo un uso irresponsable desta Lei de acompañamento e deste Parlamento. Está facendo vostede un uso irresponsable do seu labor e función, e están atacando o Estado do benestar, comezan. Porque isto, claro, señor Sueiro, si que é unha decisión política. Poñerlle 10 euros de custo á tarxeta sanitaria é unha decisión política, e póneno con independencia de cal sexa o nivel de renda da xente. E a unha pobre muller que lle pecharon a farmacia no seu pobo, que ten que ir á farmacia de garda do pobo do lado, como perda a tarxeta sanitaria polo camiño, fanlle vostedes o día; (*Murmurios.*) ten que pagar 10 euros. (*Murmurios.*) Non, ¿sabe vostede...?

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Miren, con esta actuación o que están facendo é...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... quebrando a universalidade da prestación sanitaria.

Pero non é soamente iso, tamén o están facendo coas modificacións da Lei de augas, señora conselleira: que todo o mundo, tamén os das traídas privadas e pozos, teñan que pagar a auga; e, iso si, vana pagar un 140% máis cara. Por iso nós lle dicimos que o mellor que poden facer é derrogar esa lei.

Pero, máis aló diso, señora conselleira, esta non é forma de facer estes cambios. ¿Que motivo hai para que vostedes non poidan traer unha lei de xogo a este Parlamento? Se o propio informe di que non se vai producir ningunha modificación para o ano 2012, que non terá efecto ningunha das modificacións que incorporan ata o ano 2013, e aparece no informe da súa propia secretaría. ¿Por que non traen a este Parlamento unha lei do xogo? ¿Por que non traen a este Par-

lamento unha lei de ordenación do territorio e do urbanismo de Galicia? ¿Por que se negan cando hai un acordo parlamentario dende hai máis dun ano para facelo? ¿Por que teñen que coar estas modificacións pola parte de atrás?

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Caride, por favor.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: ¿Por que non dan a cara con estas modificacións? ¿Por que non dan a cara e lles explican aos cidadáns que agora hai que pagar polo que antes non pagabamos, que hai que residir seis meses neste país para ter dereito a atención sanitaria e que pouco a pouco están recorrendo os nosos dereitos. Iso si, xa nolo explicou o señor Sueiro, entre as farmacias e os cidadáns, como non, respectar os dereitos e o negocio das farmacias. ¡Faltaría máis! *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Caride.

Interpelación de D. Henrique Viéitez Alonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a incidencia no sector naval galego da eliminación do sistema de amortización fiscal acelerada na normativa fiscal do Estado español

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Boas tardes a todos e a todas.

Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, antes de entrar no asunto, quixera, cando menos, mostrar a nosa queixa pola modificación da orde do día. E accedemos a ela, evidentemente, para non entorpecer o seu labor, pero desde logo vostede, que a coñecía con bastante antelación, ben puido avisar antes, porque entre outras cuestións tamén a representación sindical, os membros dos comités dos estaleiros e das industrias auxiliares teñen as súas razóns e querían estar aquí hoxe presentes. Querían estar presentes para coñecer que vai facer o Goberno galego para resolver, precisamente, a paralización do sistema de arrendamento fiscal. E teñen unha necesidade imperiosa de saber que vai pasar porque está en xogo a supervivencia, en primeiro lugar, do estaleiro ou da industria auxiliar e, sobre todo, como non –que é o que máis a eles lles interesa– do seu posto de traballo. Algúns dos cales nestes momentos xa

están en expedientes de regulación de emprego ou están negociando incluso hoxe expedientes de regulación de emprego, cando non –insistimos– xa están na casa. Polo tanto, era necesario que vostede avisara con tempo suficiente para que tamén estiveran presentes.

E volvemos outra vez traer a situación do sector naval aquí. Por certo, sempre que se fala do sector naval é este grupo parlamentario quen ten a iniciativa, porque, efectivamente, nestes momentos están nunha situación tan crítica, tan crítica, que poderíamos dicir que se está xogando o seu futuro, a súa supervivencia, porque estamos nunha situación de emerxencia; de emerxencia na economía –á mañá falouse claramente do índice de produción industrial nos termos en que estamos–, estamos nunha situación de emerxencia en sectores básicos da nosa economía e estamos nunha situación de emerxencia nun deses sectores, que é o sector naval e, como consecuencia, o emprego que xerou e aínda mantén. E é unha teima constante deste grupo parlamentario entre outras cuestións porque xera moito emprego, ten un peso moi importante no produto interior bruto e, sobre todo, na actividade e no sector industrial. E, desde logo, as perspectivas parecen nada optimistas.

Hai quen ten cifrado que o problema principal do sector naval é a resolución da paralización do sistema de arrendamento fiscal. Nós non compartimos ese criterio. O sector naval ten múltiples problemas, e, efectivamente, a paralización do sistema de arrendamento fiscal é un dos problemas principais que hai que solventar de xeito inmediato porque, se non, non poderá solventar outros.

Pero hai outras cuestións que hai que poñer tamén enriba da mesa, entre elas a carga de traballo do sector naval, que desde principios de ano hai cero buques contratados, cero buques, incluso antes da paralización deste sistema, pero tamén o acceso ao crédito, ao financiamento para a actividade do sector naval. E nese sentido vostedes tampouco teñen aportado absolutamente nada.

E, desde logo, o que si é necesario, ao noso entender, é un grande acordo entre todos os axentes implicados neste sector e un liderado claro por parte do Goberno galego para situar o sector naval na posición e no sitio que debera de estar; que debera de estar porque nestes momentos é practicamente de parálise total. Desde logo, o que non se pode

facér é unha utilización partidaria, incluso sectaria, da situación do naval convocando e desconvocando a Mesa do Sector Naval en función de intereses electorais, como vostede fixo, e excluindo incluso a quen ten a maior representatividade dentro do propio sector.

É necesario poñer en marcha medidas e recursos de xeito inmediato. Unha das cuestións que en principio esta Cámara así determinou foi a aprobación da Lei do sector naval, a 4/2010, en xuño do ano pasado –estamos falando practicamente de ano e medio–, onde contemplaba o sector naval como un sector de carácter estratéxico para a economía e chamaba a atención ao Goberno para que desenvolvera toda unha serie de medidas para situalo –volvo repetir– na posición que debera de estar.

Os compromisos que vostede incluso aquí ten manifestado na Cámara parlamentaria ante distintas iniciativas deste grupo non os vimos por ningún lado. E voume referir só a dous compromisos que vostede publicitou nesta Cámara e aos que lles deu moita publicidade. Un deles era: estamos a ultimar o Fondo Patrimonial de Garantía, específico para as empresas auxiliares do sector; unha obtención novidosa, descoñecida en Galicia e en España. Nisto último si que tiña razón, porque aínda hoxe segue sendo descoñecida. Isto foi ao que vostede se comprometeu na sesión do 9 de febreiro do 2010.

É máis, falaba vostede de que ían mobilizar 40 millóns de euros do fondo tecnolóxico para a construción dun novo barco *off shore* que vai substituír as plataformas petrolíferas, traballando cun estaleiro, cun armador de alto contido tecnolóxico, para cambiar a estrutura do sector da ría de Vigo.

Nisto último tamén ten razón, a estrutura do sector naval da ría de Vigo si que se está cambiando a marchas forzadas, para a súa desaparición, se seguimos por este camiño.

Ou, como non, o tema dos buques arrastreiros conxeladores do acordo ese que tiña coa CEMIS, e, sinceramente, nestes momentos, nada de nada, e estamos falando a máis dun ano vista desde que vostede o puxo aquí.

Pero sobre o asunto en cuestión, sobre o sistema de arrendamento fiscal, o que realmente a nós nos interesa nestes momentos é qué foi o que fixeron vostedes diante do Gober-

no central; cáles foron as xestións que fixeron vostedes ante o Goberno central para implementar precisamente que o sistema de arrendamento fiscal, aínda que fose de carácter transitorio, estivese xa en marcha. ¿Que fixeron vostedes? ¿Que xestión fixeron vostedes ante a Comisión Europea? Vostedes entenderán que coa remisión dun fax asinado polo señor presidente ao señor comisario da Competencia non é suficiente; non é suficiente. Xa que vostedes andaron polo país e polo Estado adiante, de vez en cando puideron recalar en Madrid e tamén en Bruxelas para negociar directamente vostedes, como... Por certo, vostede anunciou que ían tomar a iniciativa ante a desidia do Goberno central. Nada sabemos diso e, desde logo, aos feitos nos remitimos. Insistimos, non é única e exclusivamente cun fax como se resolve este problema. ¿Cal foi a iniciativa que vostedes tiveron en Bruxelas? ¿Cales foron as xestións? Nestes momentos sinceramente ningunha.

Por certo, ¿cales foron as propostas que vostedes aportaron para o conxunto do sector naval ao Comité das Rexións da Unión Europea? Cero, cero. Non teñen presentado absolutamente nada. Ou, ¿que remitiron vostedes ao Consello Económico e Social Europeo en canto ás propostas e á necesidade de implementar medidas para manter o sector naval? Absolutamente ningunha, ningunha.

Polo tanto, nese sentido, gustaríanos dunha vez por todas que non só explicaran o que fixeron, senón o que van facer, máxime agora que temos un goberno amigo e que, polo tanto, a desidia vai desaparecer e o emprego, o primeiro, segundo rezaba nos carteis electorais.

Polo tanto, gustaríanos que tamén nos dixera que medidas de carácter social vai poñer en marcha, porque ata agora ningunha, señor conselleiro; como representante do Goberno absolutamente ningunha. E, mentres tanto, as persoas están na casa mediante expedientes de regulación de emprego, consumindo os seus dereitos pero sen futuro, sen futuro.

E, nese sentido, todo aquilo que incluso vostede comentou aquí...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vaia rematando.

O señor VIÉITEZ ALONSO:... de poñer en marcha, como era o caso dos cursos de formación, nestes momentos non hai nada, de nada, de nada.

Polo tanto, gustaríanos que a partir de agora, a partir de agora, máxime –insistimos– cando hai un goberno amigo, nos diga que van facer vostedes para que, en todo caso, se poña en marcha un sistema fiscal, aínda que sexa de carácter transitorio ata o definitivo, para que o sector naval galego estea na posición de vantaxe comparativa con respecto a como estaba; ou que van facer vostedes para implementar o papel de Pymar, até agora peza importante para a recuperación do sector naval.

Polo tanto, vostede terá que explicar...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate.

O señor VIÉITEZ ALONSO:... que é o que van facer nestas medidas porque, se non, sinceramente, estaremos abocados á desaparición do sector naval.

Agardo a súa resposta.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Viéitez.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Boas tardes.

Boas tardes, presidente.

Grazas, señor Viéitez, e grazas por ter a deferencia de cambiar a pregunta.

En realidade, a verdade é que non hai máis xordo que o que non quere oír, e moitas das preguntas que vostede me fai a min, probablemente llelas tiña que facer aos seus socios de goberno ou de cogoberno en moitos sitios. Pero imos contestalas.

Estamos falando, efectivamente, hoxe outra vez dun sector moi importante, o sector naval; un sector que é estratéxico, e estratéxico non só para as comarcas onde están os estaleiros, senón para toda a nosa comunidade.

Efectivamente, o señor Viéitez di que aquí se falou moitas veces do sector naval. Eu falo todos os días sobre o sector

naval porque estou especialmente implicado, eu persoalmente e toda a miña consellería. Falamos con moita xente, e os traballadores e os empresarios saben perfectamente que estamos activamente implicados, que estamos tratando de buscar, da man deles, sempre de acordo cos empresarios, sempre de acordo cos sindicatos, todas as posibilidades de viabilidade e de impulso a este sector. *(Murmurios.)* Este, por moita risa, é un dato certo; un dato absolutamente certo, porque desde a Xunta estamos facendo –e o sector sábeo– todo desde a nosa parte, todo pola nosa parte; sen esconder responsabilidades, incluso asumindo responsabilidades que non nos corresponden –e agora vou falar delas– porque sinceramente é este un sector especialmente importante.

Efectivamente, non hai peor xordo que o que non quere oír. Levamos feito moitísimas cousas. Vostede falaba de financiamento. Oitenta millóns de euros dedicados a este sector para... Si, si, non mire de lado, si. O barco de Vulcano foi entregado cun aval da Xunta de Galicia; a factoría naval de Marín está aí con avais da Xunta de Galicia; Freire está aí con avais da Xunta de Galicia; Metalships, tamén. Oitenta millóns de euros; aportación de 37,7 millóns de euros para o Fondo Patrimonial de Garantías; cinco veces máis neste tempo que en todo o tempo do bigoberno. Impulsamos a cooperación empresarial, efectivamente, traballando con Asime e co clúster. E, como vostede ben sabe e debería saber, estamos mellorando a formación dos traballadores a través da certificación do sector naval. Estamos fomentando a internacionalización a través doutra idea interesante e moi ben apreciada, que é o selo naval. E, efectivamente, estamos incentivando o I+D, traballando para buscar novos segmentos de mercado, buscando fondos europeos que vostedes desprezaban, porque vostedes só utilizaban os fondos propios, apoiando accións comerciais dos nosos estaleiros, por exemplo, efectivamente, traballando no tema de CEMIS, que vostede debe saber que é especialmente complicado porque son barcos de bandeira estranxeira.

E, ademais, vostede aí fala da Mesa do diálogo social. Debe ser que non se entera, señor Viéitez, porque todos os acordos, absolutamente todos, foron acordados na Mesa do diálogo social do sector naval e despois, ademais, acordados tamén na Mesa do sector auxiliar do naval. Estamos acordando todas as decisións aí, tomando o liderado no conxunto de España en todo o que pasa en Pymar.

Esíxennme a min responsabilidades sobre a liquidación do fondo patrimonial de Pymar, decisión tomada en Madrid polos socios do Bloque Nacionalista Galego en todos os concellos de Galicia onde gobernan, onde perden. *(Aplausos.)* Aí. E somos os únicos que puxemos –está nos tribunais– esa liquidación do Fondo Patrimonial de Garantía.

E tamén en Galicia hai un estaleiro público. Seguramente tamén é responsabilidade da Xunta que Navantia non teña feito nada. E somos os únicos que presentamos unha proposta para un dique flotante en Navantia, en Ferrol, que aínda non foi... *(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* polo Goberno de España nin presentada ningunha outra alternativa.

Pero, efectivamente, hai un problema por resolver importante, o primeiro da pirámide. O primeiro problema da pirámide é un problema que ten o Goberno de España, que é quen nos representa ante a Unión Europea: o problema da *tax lease*. E preguntanme que fixo o Goberno da Xunta. Pois miren, nin unha, nin dúas, foron tres propostas as que fixo o Goberno da Xunta de Galicia concretas. Tres propostas, mais acordadas na Mesa do diálogo social, mais acordadas cos estaleiros, mais acordadas cos sindicatos. Todo o conxunto do sector naval galego enviou non unha, non dúas, senón tres propostas do sistema de *tax lease*, ¡tres propostas!

E dígolle unha cousa, unha noticia –xa lla podo adiantar–, que Pymar vaille mandar ao Goberno de España un resumo da nosa proposta número un. Porque vostede debe de saber que ante a Unión Europea o que ten que ter a voz cantante é o Goberno de España. E o Goberno de España pediunos a todos sensibilidade, pediunos a todos sentido común, pediunos axuda, e agora, despois de cinco meses sen ningunha resposta, estamos onde estabamos.

Pero miren, cada un ten ademais o seu estilo, e a algúns gústanos traballar moito sobre este sector, comprometidos persoalmente. Pero traballar en silencio, traballar para que os estaleiros teñan carga de traballo, efectivamente. Porque ¿sabe que?, sabemos que detrás de todo isto hai 14.000 persoas que dependen deste sector, directa e indirectamente. E por iso hoxe estamos falando do sector naval e nós estamos todos os días comprometidos con este sector.

Pero é verdade que hai unha diferenza, unha diferenza importante, porque agora, efectivamente, hai un interlocutor válido. Non tiñamos interlocutor, non tiñamos quen crera neste sector; e agora, efectivamente –e tristemente para vostedes–, hai un novo goberno. Un novo goberno que saíu das urnas e un novo goberno que vai estar á altura das expectativas. *(Risos.)* É bo que vaian vendo os resultados das eleccións do pasado domingo para que recorden quen é o novo presidente do Goberno de España. *(Aplausos.)* Bueno, pois ese non vai faltar á súa palabra, comprometeuse cos traballadores como non o fixo o Goberno socialista, como non o fixeron vostedes tampouco en Madrid, pedindo... *(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Por favor, señora Sestayo.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): É comprensible que esteamos nerviosos, non pasada nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señora Sestayo.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Entón, imos estar aí. ¿Que é o que vai facer o Goberno da Xunta? Seguir insistindo, estando aí, defendendo os intereses de Galicia. Imos seguir traballando como o estamos facendo, co sector, e o Goberno central vai escoitar este sector. Pero gustaríanos ter colaboración, desde logo.

Miren, ata o de agora non tivemos esa colaboración, pero non por nada, senón porque non había vontade; simplemente non había vontade, había atrancos e desidia. E vostede fala do *tax lease*. Atrancos e desidia, desde logo. Inexistencia do Goberno de España para defendernos diante da Unión Europea: ese foi o principal problema. *(Aplausos.)* A Xunta de Galicia envioulles tres propostas por escrito ao Ministerio de Economía, ao Ministerio de Industria e á Comisión Europea. Tres propostas, ninguén fixo máis por este sector que nós. E, efectivamente, estamos preparados para abrir unha nova páxina no sector naval galego cun interlocutor en Madrid que cre realmente neste sector. E espero que agora que temos un interlocutor, que é alguén que deu a cara e que se comprometeu con este sector, traballemos todos xuntos. Que traballemos todos xuntos como estamos traballando na Mesa do diálogo social, todos xuntos. Todas as decisións son

por unanimidade, todas. E a Mesa da industria auxiliar, onde está o sindicato da CIG –que vostede mencionaba antes–, tamén aprobou por unanimidade a decisión que se tomou na Mesa de diálogo social.

Pido colaboración porque este sector é un sector especialmente importante, e estou seguro de que co novo Goberno imos avanzar na boa dirección.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, conselleiro.

¿Grupos que queiran intervir? (*Pausa.*)

Polo Grupo Socialista ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente.

Señor conselleiro.

Señorías.

Comprendo a súa vehemencia, señor conselleiro. Non poño en dúbida que someta ao acordo dos interlocutores sociais o que vostede quere facer. Pero si teño que poñer en dúbida que execute os acordos que se adoptan.

Esta iniciativa, efectivamente, débatese nun momento importante, nun momento no que estamos no tránsito entre dous gobernos do Estado. Algo obvio, pero que importa subliñar porque estamos falando dun problema en xeral do sector naval onde o Goberno de Galicia, baixo a súa dirección, vén mantendo unha posición extremadamente crítica co Goberno do Estado, unha crítica baseada non sempre en datos obxectivos, senón en moitos casos en suposicións ou cando non en interpretacións interesadas.

Vostede tanto nos problemas de carácter comunitario, como é o denominado *tax lease*, como nos derivados do marco español, adoita manter esa posición e ademais fuxir dos compromisos concretos. Certamente hai distintos problemas no sector naval, mesmo nas últimas semanas –quizais porque existía unha campaña electoral– vostede mesmo e outros responsables da Xunta de Galicia adoitaron facer promesas

e adoptar compromisos en distintos lugares, por exemplo na ría de Ferrol, un lugar que foi obxecto de atención preferente da Xunta durante a campaña electoral. A Xunta asumiu compromisos –e vostede vén de subliñar algún deles– que non están reflectidos no orzamento que precisamente hoxe se somete a votación. Vostedes falan, aducen, plantexan, demandan, pero logo no documento que os compromete –a Lei de orzamentos que hoxe se somete a debate– esquecen indicar isto.

Vostedes competiron en Ferrol –o señor presidente da Xunta de Galicia, vostede mesmo, o alcalde– en ofrecer garantías de que se debía de construír un dique flotante, algo que, por certo, nada menos que o primeiro candidato ao Senado do seu grupo negou non hai tanto tempo que fora algo necesario, pero en fin. Esas garantías que vostedes dicían ofrecer non estaban baseadas nin en acordos previos coa industria Navantia, titular das instalacións polo menos de momento, algo que vostedes deberon considerar secundario. En realidade, se non están no orzamento, ¿por que ían chegar a un acordo previo con Navantia? ¿Para que buscar acordos cando non hai vontade de cumprilos?

Van ter a oportunidade de votar favorablemente ese asunto, porque este grupo si ten presentada unha emenda ao orzamento que hoxe se está discutindo, polo tanto, aí vostedes terán a oportunidade de amosar ata onde chega ese compromiso. Aínda hai uns días, logo de facer a enésima declaración de intencións en Ferrol nun acto a porta pechada con algúns empresarios, vostede e o señor conselleiro da Presidencia tiveron a falta –diríamos de dignidade– de fuxir pola porta de atrás dun hotel para non atoparse cara a cara cos representantes dos traballadores. (*Aplausos.*) Oia, seguro que están debatendo nas mesas axeitadas, pero o certo é que temen o cara a cara. ¿Acaso non tiñan argumentos que ofrecer? ¿Ou acaso temía a pregunta de se estaban ou non no orzamento eses compromisos?

Tamén estivo omnipresente no seu discurso a moratoria imposta por Bruxelas sobre a construción civil no estaleiro de Navantia, froito... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –non, fareille un pequeno repaso, non sen preo- cupe– das axudas consideradas incompatibles por Bruxelas e que foran outorgadas por un executivo como o que vai haber agora proximamente en España. Foille unha situación tan grave que mesmo obrigou á liquidación de Izar e á crea-

ción de Navantía. É certo que esa demora, finaliza, remata, no ano 2015 e que, polo tanto, vostedes poden simplemente deixar pasar o tempo. Pero temos curiosidade por coñecer cal vai ser a actuación do novo Goberno en relación con este expediente.

Tamén será necesario coñecer ata que punto a nova Administración é quen de continuar o traballo que se veu facendo en Navantía para... (*O señor conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pronuncia palabras que non se perciben.*) –foi vostede quen o puxo no debate, señor conselleiro– levar adiante a política de captación de investimentos, de captación de novos pedidos e de apertura de novos mercados que ten conseguido que, por exemplo, nos últimos anos Navantía tivese un dos mellores períodos da súa historia en carga de traballo e en importancia cualitativa desta.

Tax lease. A denuncia imposta por outros países comunitarios é froito da caída da demanda e, polo tanto, dun extremo incremento da competencia, e ademais trae a súa causa inmediata na aplicación dos beneficios fiscais a operacións que estaban no límite das tonelaxes permitidas por Bruxelas. Cómpre lembrar que o mecanismo de *tax lease* na Europa comunitaria coñece arredor de dezaseis formulacións xurídicas distintas, case tantas como países afectados.

É certo que as propostas elaboradas polos ministerios de Facenda e Industria durante o pasado verán, consensuadas cos estruturadores e mais cos armadores, e presentadas posteriormente en Bruxelas non tiveron unha solución favorable logo de meses de negociación, certo é. Hoxe mesmo, día 22, segundo as nosas noticias, está sendo presentado en Bruxelas un novo modelo de *tax lease* que pretende responder ás demandas da Unión Europea e que de novo conta co acordo de armadores e estruturadores e supoño que tamén co acordo do Goberno de Galicia, aínda que vostede non o ten subliñado. Cun matiz importante a nova proposta, é unha proposta que compromete o futuro Goberno a levar adiante os cambios legislativos necesarios e que, como vostedes saben, vai ter como consecuencia que os beneficios fiscais estarán nun nivel algo inferior do que viña existindo.

Ese sistema facilitou a construción dun elevado número de buques nos últimos anos en condicións competitivas, e mesmo ten sido moi favorable tanto para as entidades finan-

ceiras como mesmo para outras empresas que participaban no proceso de adquisición dos dereitos como titulares dos buques. Pois ben, cómpre subliñar que as axudas do Ministerio de Industria aos estaleiros da ría de Vigo nas dúas últimas lexislaturas –esas do Goberno que vostede non apreciásuman 350 millóns de euros. E os avais concedidos polo Fondo patrimonial de garantías de Pymar, tamén en Vigo, acadan 2.140 millóns de euros. Certamente a Xunta tamén fixo aportacións en cifras máis modestas, arredor de 80 millóns de euros; cifras modestas pero igualmente relevantes que apreciamos. Pero hai outras canles menos exploradas nas que a Xunta podería tomar a iniciativa. Por exemplo, hoxe Pymar está pechado, non como dá a entender vostede, senón que está pechado por acordo. Pymar é unha sociedade privada e existiu un acordo nesa sociedade de evitar unha quebra, e para evitar esa quebra o Estado aportou 160 millóns de euros, a Xunta 35 e outras administracións outra parte. Foi un acordo unánime porque unha situación de quebra podería complicar aínda máis a situación de construción nalgúns estaleiros.

Neste intre é necesario crear unha estrutura semellante, señor conselleiro, agora si que falamos do seu. Vaise dar a circunstancia de que se vai arranxar o *tax lease* para poder contratar e non vai ser posible financiar. ¿Como di, señor conselleiro? ¿Que ten feito vostede? ¿Ten promovido acaso un fondo propio? ¿Vai avalar o Igape ou vai avalar Xesgalicia as operacións de *tax lease*? ¿Vai conseguir un acordo co sector financeiro? ¿Van traballar para conseguir un novo fondo estatal co sector privado, coa Administración do Estado e coas demais comunidades implicadas?

A actuación do Igape no sector naval podería ser moito máis intensa do que o foi ata o de agora, tanto nas axudas financeiras como nos procesos de diversificación produtiva. Oia, é que xa van varias veces que vostede vén falar aquí dos novos nichos de mercado. Dígolle a lista: o sector da industria aeroespacial, o sector da industria eólica, a diversificación de buques. ¿E que teñen feito ata o de agora? Pois practicamente nada.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vaia rematando.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Si, señor presidente.

¿Hai algunha estratexia efectiva da Xunta para conseguir esa diversificación? Falando ademais de financiamento, oia,

¿van financiar eses estaleiros vigueses que se atopan agora mesmo nunha situación crítica?

Unhas verbas sobre formación, está parada. ¿Non pode a consellaría aportar fondos propios xunto cos fondos do Fondo Social Europeo? ¿Ou necesitan que todo o faga o Goberno central? Aí teñen un campo de actuación propia. ¿Só hai formación cando se implica o Goberno estatal? Porque o Plan de formación, entre outros obxectivos, perseguía evitar os ERE suspensivos.

Señor conselleiro –remato–, a tentación constante que ten vostede de trasladarlles a outros a responsabilidade dos problemas non é coherente coas súas propias responsabilidades. Vostede debe responder das iniciativas propias, sobre as dos outros pode ter opinións...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas.

O señor MÉNDEZ ROMEU:... ou valoracións, pero non responsabilidades. E, dende logo, o balance da política naval da Xunta de Galicia logo de tres anos é manifestamente mellovable.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señorías.

Señor Guerra.

Señora conselleira de Facenda, que sesións parlamentarias extraordinarias hoxe. Pero é importante, agrádese a súa presenza tamén aquí.

Bueno, acabamos de ver como la oposición sigue instalada, y ahora está esbozando un nuevo tipo de política –que yo creo que va a fracasar como fracasó la anterior– que se

caracteriza por las acusaciones preventivas. Es decir, están acusando ya a un gobierno que todavía no se ha formado de que no va a hacer buena política económica en el sector industrial, en el sector gallego, ya se anticipan. Esta interpe-lación estaba firmada el 07-07-2011, pero incluso ya antes se anticiparon.

Por otra parte, les caracteriza también el inmovilismo analítico, teórico, político, parlamentario. Es decir, siguen diciendo lo mismo que decían antes. Es decir, están instalados en la lógica del error: tratar con simpleza las cuestiones complejas. *(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.)*

Miña terra galega, onde o ceo é sempre gris, señor Bieito Lobeira.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Por favor, non dialo-guen.

Señor Arias, siga.

O señor ARIAS VEIRA: Aquí á cuestión, vou falar en galego. Falo o que podo. Vou falar en galego, que de todos xeitos hai que comprender un pouco... É dicir, hai que ter unha mag-nanimidade na vitoria electoral. Hai que falar galego porque o piden os minoritarios e nós realmente consideramos que merecen uns mellores resultados electorais. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Porque nós realmente somos xente que non atopamos con atinar cos sentimentos realmente do noso pobo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón. Non, estame interpelando e por cortesía parlamentaria.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Por favor, non dialo-guen.

Señor Arias, vostede desenvolva o seu discurso. Vostede non obstrúa, señor Lobeira.

O señor ARIAS VEIRA: Ya sé que me va a interrumpir porque es su estrategia político-electoral, hable en gallego, en castel-lano o en esperanto, si lo supiera.

Pero aquí el tema de fondo importante es que realmente tenemos un sector en el que hay muchos problemas con su reconversión desde que en el año 71 ya Astano pasa del sec-

tor privado al sector público. Cuando después de la crisis de Suez se dejan de hacer grandes petroleros en Galicia y hay un problema estructural que viene de atrás, pero que se ha agravado en esta época. El señor Méndez Romeu olvida que ha habido cosas, ministros concretos, políticas económicas concretas. Por ejemplo, el homólogo del señor Guerra, que es el señor Sebastián, es un señor concreto que ha hecho una política concreta. Ha hecho esperpentos sistemáticos en toda la política industrial, en la luz, las tarifas, etc., y también en el *tax lease*; y lo quiere resolver en funciones. Y a pesar de que nos está diciendo esto, el señor Méndez Romeu le da lecciones, le implica todas las cosas, etc.

También existen otros ministros, su homóloga, señora conselleira –que es la señora Salgado–, que teóricamente tendría que ser responsable de diseñar un sistema fiscal donde no consideraran. Porque, vamos a reconocerlo, el tema de la *tax lease* es un problema del impuesto de sociedades y el *dumping* fiscal. Entonces se supone que la señora Salgado –también gallega– en el Gobierno podría haberlo resuelto y evitar que la Unión Europea desmintiera al Gobierno del señor Zapatero, que existió aunque ustedes lo estén acochando, pero existió y gobernó.

Cuando el señor Guerra, que de todas maneras es una persona que nosotros le agradecemos que viva los problemas, porque el señor Guerra vive los problemas... Si se me permite citar a Hegel: la pasión es necesaria para el acierto de la razón. Yo, ¿qué quieren que les diga? Es que vengo de la universidad. Ya sé que en la universidad también estudiamos el sector naval. ¡El señor Guerra ha dicho una cantidad de cosas para una consellería y una Xunta de Galicia acosada, que querían hacer! Hay que decirlo, porque hay que tener un poquito de memoria política. Se quiso aplicar a la Xunta de Galicia un tinel, un pacto de tinel: que desaparezca el PP, que desaparezca la Xunta, y mucho más si nos gana las elecciones en el 2009 y nos hunde todo el argumentario, y nos hunde la hoja de ruta que ha terminado como ha terminado. Y empezó aquí. Entonces, ¿eso qué significa? Pues castigo fiscal, castigo financiero, quebraderos a la señora Currás, a todos nosotros, etc. Lucha, resistencia, etc.

Y a pesar de todo, lo que dijo el señor Guerra: Vulcano, Factoría Naval de Marín, Freire, Metalship, etc., es verdad. Y lo de Pymar es verdad. (*Aplausos.*) ¡Y todo es verdad lo que dicen ustedes! Y estas cosas y los hechos objetivos los pre-

mia el electorado, que nosotros lo sabemos. Y vamos a seguir trabajando con pasión, con entrega y acierto, y también con esperanza. Nosotros estamos esperanzados de que nuestro partido, que ha ganado las elecciones en el conjunto de España, va a hacer realmente lo que ustedes... un programa explícito de austeridad pública –como estamos haciendo aquí– selectiva. Es decir, gastos corrientes no tan necesarios, no necesarios, selectividad en las asignaciones, etc., por un lado; y por otro, para conseguir simultáneamente que existan fondos disponibles para que los que construyen barcos tengan crédito financiero. Porque ustedes ya sé que no tienen una idea muy compleja, y es compleja, señor Lobeira, es complejo el problema financiero. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No, el señor Lobeira es inteligente y sabe lo que... El señor Lobeira ¡de tonto ni un pelo! (*Murmurios.*) Y yo lo trato así, por otra parte.

Y en cualquier caso sabemos que el tema fiscal, el tema financiero, no solamente es un tema de confianza, es un tema de deuda. Porque las empresas no solamente se financian con las ayudas públicas, sino básica y esencialmente con los créditos y anticipaciones del sistema financiero. Si el sistema financiero no tiene confianza internacional y lo han endeudado los señores de estas bancadas al 350% del PIB, que se dice muy pronto, pero son tres años y medio de producción de una economía por el saldo positivo, y 1 billón en términos netos, que también se dice muy pronto, que es todo el fondo de ayuda financiera y económica de la Unión Europea de ahora –que se dice muy pronto, pero eso pesa como una losa–. Y para el año que viene hay que refinanciar 300.000 millones de euros y los tendrá que reciclar y refinanciar el Gobierno del señor Rajoy.

Y nosotros pensamos que lo vamos a hacer porque se ayuda al sector naval. Un barco es muy complejo, un buque, los barcos son complejos. Los sectores tienen que competir con otros astilleros en Europa. Y hay que tener yo no voy a decir un poder condigno, pero un poder competitivo, a la altura del poder de un país de 45 millones de habitantes, unas rentas por habitante importantes y un potencial claro. Hay que saber competir. Es decir, no le pueden desautorizar a uno y simplemente decir: ya les proponemos una alternativa. No este desplante político jurídico de la construcción naval, que ha sido un verdadero hundimiento político del sector lo que ha significado en este momento la supresión de la *tax lease*, clarísimamente. Segundo, ¿el tema de la Pymar cómo se

deja? Una sociedad de garantía recíproca de este tipo se deja ahí, como si pudiera ir por su cuenta.

Entonces, ¿en qué consiste el papel del sector público para el apoyo a la financiación y la disciplina del rigor en su conjunto? Esto es lo que hay. Y, sin embargo, el conselleiro ha dicho y lo está haciendo, y nosotros lo estamos también haciendo. Y yo también por lo menos tengo una esperanza racional, de tipo preventivo pero racional. Es decir, se han ganado las cosas y sabemos cómo se está gobernando aquí, sabemos cómo estamos presupuestando aquí; lo que tenemos y lo que no tenemos. Pero sabemos también que el capital, precisamente los capitales invisibles, los capitales intangibles, que son tan fundamentales para este sector, que se construye bien, se entrega bien, se financia, relación precio-calidad adecuada. Galicia sigue siendo una potencia, tiene una situación preferente en todo el corredor atlántico para esto, es lo que tenemos que conseguir.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vaia rematando.

O señor ARIAS VEIRA: Sí, señor presidente, enseguida.

Y esto es lo que está haciendo el señor Guerra, lo que estamos haciendo todos nosotros, y yo creo que ahora se podrá hacer con una palanca por lo menos. No exactamente, yo creo que va a haber un gobierno neutral, es decir, un gobierno solidario que va a conseguir un mercado y el aprovechamiento del potencial productivo de todos nosotros, y que va a tener muy en cuenta las necesidades de esta vertebración industrial para todo el noroeste, que eso es fundamental.

Es lo que nos gustaría decirles también a los trabajadores, que nosotros también sentimos que no estén aquí porque nos gusta también dirigirnos mucho a ellos. Porque está con ellos negociando el señor Guerra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) y aprobando por unanimidad todas las resoluciones, que indica también lo que es su talante social.

Nada más y muchas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Arias.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Gracias, presidente.

Da austeridade selectiva do Partido Popular sabemos bastante, se non que lles pregunten ás persoas paradas cando van pedir prestación sanitaria.

Mire, señor conselleiro, efectivamente, concordo con vostede, non hai peor xordo que o que non quere oír. Iso foi o que fixo vostede, o seu Goberno e o seu grupo parlamentario cando este grupo parlamentario trouxo aquí unha serie de propostas e vostedes rexeitáronas. Cando non había compromisos orzamentarios, cando non había prazos, vostedes votaron a favor; así que se puxeron prazos e compromisos orzamentarios, vostedes votaron en contra. Ese é o compromiso que ten vostede co sector naval.

E di vostede que non se entera. Efectivamente, vostede si que non se entera, señor conselleiro. Por certo, nótoo un pouquiño nervioso, non sei se é da mecánica, aínda, postelectoral.

Mire, do 27 de outubro, convocatoria da reunión da Mesa da industria auxiliar. Isto foi o que vostedes enviaron á convocatoria cunha orde do día. O 3 de novembro, desconvocatoria da reunión da Mesa da industria auxiliar. E ¿por que a desconvocaron? Basicamente pola proposta de *tax lease* realizada polo Goberno español, que fai que se teña que comezar de novo un estudo dunha nova proposta. Con maior motivo tiñan vostedes que convocar a mesa e non pospoñela, porque, en todo caso, aquí era onde había que concitar a vontade de todos os sectores implicados.

Pero mire, desde logo hai algunhas cuestións que vostede non explicou, e evidentemente non vai explicar, porque non pode. ¿Por que vostedes non fixeron a proposta no Comité das Rexións? Por certo, ¿sabe quen está no Comité das Rexións? Creo que hai un señor que se chama Núñez Feijóo, que está no Comité das Rexións. Se, desde logo, vostedes son os valedores do sector naval, ¿por que non aportaron a proposta –esta, outra ou calquera outra– que vostedes teñan no Comité das Rexións? Por certo, un organismo consultivo a ter en conta en determinados sectores e cuestións, como é o caso concreto do sector naval. Pero, é que é máis, estas son palabras textuais de vostede o 7 de xullo deste ano: “A Xunta negociará en Bruxelas que se aprace un ano o bloqueo do naval”. E di: “A Xunta optou por tomar a dianteira e per-

soarse directamente na Dirección Xeral da Competencia”. E asegurou que “o Executivo de Feijóo pedirá directamente á Unión Europea que aprace esta suspensión das bonificacións polo menos un ano”. ¿Onde están as xestións? ¿As xestións fanas vostedes a través do fax do día 4? Por certo, que as enviaron a un fax equivocado doutra consellaría e pasárono despois á Dirección Xeral da Competencia. Iso é o que fixeron vostedes única e exclusivamente. Esa é a xestión que fixeron vostedes en Bruxelas. De vez en cando –insistimos– podían recalar alí e facer algunha xestión, non sei se con Almunia ou con calquera outro de máis abaixo. Pero, en definitiva, sería moi importante que vostedes se persoaran porque non sei se concordaremos en que o sistema de rendemento fiscal a quen realmente prexudica é a Galiza. Hai outras comunidades autónomas que non teñen interese en que isto se resolva porque, efectivamente, non lles afecta.

E, desde logo, tamén nos gustaría saber se van facer vostedes o mesmo esforzo que fixeron cando foi o Decreto do carbón. Porque o que máis lles preocupou daquela foi precisamente que as industrias produtoras tivesen indemnizacións; é dicir, o lucro cesante era o máis importante. Todo ese esforzo que vostedes fixeron no Parlamento español e no Parlamento europeo, ¿van facelo exactamente igual que co sector naval, para, en todo caso...? –e, oían, co Goberno amigo con maior motivo–. As competencias fiscais non están transferidas á Unión Europea. Vostedes poden adoptar un sistema transitorio, ¿é o que van facer? Porque a iso precisamente foi ao que se comprometeron. ¿Van implementalo? E, en todo caso, ¿cando van implementalo?

Insistimos, aínda que sexa transitorio, pero cando menos que permita ao sector naval desatascarse da situación na que está.

E, por último, señor conselleiro...,

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vaia rematando.

O señor VIÉITEZ ALONSO:... o sector naval –volvemos insistir– non é única e exclusivamente construción, tamén é reparación e tamén é transformación. E hai determinadas medidas que vostede non puxo en marcha, e está obrigado pola Lei do sector naval.

Xa sei que teñen unha lei marabillosa e descoñecida no mundo mundial, pero do que se trata é de cuestións máis

terreais e máis achegadas a nós. E, neste sentido, do que se trata é que van a facer vostedes...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

O señor VIÉITEZ ALONSO:... para que o sector naval teña carga. Iso é o que lle pedimos que explique.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Viéitez.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Boas tardes outra vez.

Non é nerviosismo, é a alegría de comprobar que a xente entenda o que facemos, é unha cousa diferente. *(Aplausos.)*

A verdade é que dende bancadas socialistas falar do sector naval eu comprendo que é un papelón. Entón, vou tratar de describir rapidamente a situación, porque falabamos de catro temas concretos.

O primeiro, o *tax lease*, non só é un problema para as novas contratacións, é un gravísimo problema para as contratacións que están nos estaleiros neste momento, e diso o Goberno de España nin sequera se preocupou. E o papel do Goberno de España sobre o problema do *tax lease* é absolutamente vergonzoso. Dentro do sector hai algunha persoa que di e que pensa que todo isto pasa porque canto peor deixen as cousas mellor, porque así é máis difícil de arranxalas. Porque só desde ese punto de vista pode parecer o que pasou. *(Aplausos.)* Todo o que sabemos sobre o sector, todo o que sabemos do *tax lease* é un comentario; un comentario en Bilbao do comisario europeo da competencia –socialista, para máis señas–, onde o señor Méndez Romeu me di a min no verán que esperemos porque o Goberno de España vai a resolver o problema, despois de 5 meses o comisario europeo nun comentario di: Prefiro non dar recibido a proposta de España, é mellor que me presenten o sistema francés. E o Goberno de España non sabe nin o que é o sistema francés. Por iso tivemos que facer o traballo por el. Primeiro, sobre o problema do *tax lease*.

Navantia, hai un problemiña con Navantia. Navantia é un estaleiro público.... (*Murmurios.*) Si, nós gañamos as eleccións, pero aínda non estamos gobernando, imos ir pouco a pouco. Xa sei que é nerviosismo iso de pensar que xa se sae das sillas, é unha cousa complicada.

Navantia é un estaleiro público, e a única proposta sobre o estaleiro público que se fixo ata o momento fíxoa este goberno. De Navantia non hai nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero mire, un gobernante socialista, tamén nas eleccións, dicía: imos a medias. Eu tamén busquei un orzamento do Goberno de España un orzamento de Navantia, (*Murmurios.*) e non había nada no orzamento, non había absolutamente nada. Pero non é que non houbera orzamento, é que non había proxecto, non hai proxecto. Nin sequera hai resposta.

Sobre a actividade do Ministerio de Industria, só quero que me digan unha soa axuda pública dende o 21 de abril do ano 2009. ¿Saben cal é a resposta? Cero, desde o 21 de abril do ano 2009. Probablemente para o Goberno amigo si había axudas, pero agora non hai.

E sobre Pymar, os socialistas galegos, e tamén os seus socios, cambian de gorra continuamente. Alá son socialistas españois, aquí galegos. Eu creo que sobre o sistema de Pymar é tremendo dicir o que se está a escoitar aquí. Pymar, efectivamente, foi liquidada nun momento no que non había *tax lease*; deuse un paso máis desde o Goberno de España, liquidar o sistema financeiro Pymar. E liquidouse nunha reunión onde non constaba na orde do día da reunión, sen coñecemento das comunidades autónomas, onde Galicia é o principal socio e aportou 37,7 millóns de euros-. E o que se fixo foi coller un fondo de reestruturación, que é propiedade dos estaleiros, e con ese fondo de reestruturación cubrir o sistema de liquidación sen facer ningunha outra proposta. Iso é o que é.

E Galicia, ¿saben que fixo alí? Dicir que non. Non foi con acordo, dixo que non. (*Aplausos.*) E iso está neste momento no xulgado. E imos a ir a por todas nese tema porque queremos defender o noso sistema.

Por certo, Galicia si que constituíu un fondo de garantía, porque –como non nos estamos enterando– Pymar é o fondo de garantía e a aportación de Galicia, os 37,7 millóns de

euros –cinco veces máis que no Goberno anterior– é para os estaleiros galegos, é o noso fondo patrimonial de garantías. E cunha decisión inxusta van ser roubados a todos os galegos. Pero non só aos galegos, aos estaleiros; si, porque foi liquidado sen acordo cos accionistas. Iso é moi importante que o saiban os galegos. (*Murmurios.*)

Xa están nos tribunais. Non se preocupe, xa estamos facendo o noso traballo. Porque, ¿sabe que? Imos ter, non un compromiso como o do sector do carbón, non, non; moitísimo máis que o do sector do carbón, estamos tendo un compromiso moito maior. ¿Sabe que pasa? Que o que non ten o compromiso –como o do sector do carbón– coa industria naval é o Goberno de España. Ese foi o que non tivo o mesmo compromiso. (*Aplausos.*) Porque si que foi a Bruxelas, que é quen ten que ir a Bruxelas, porque todo o demais son historias. Quen nos representan diante da Comisión Europea é o Goberno de España. Iso foi o que foi pedido polo portavoz do Partido Socialista, esperar, axudar. O candidato socialista dixo hai máis dun mes que nunha semana estaba resolto. Unha semana máis tarde non, un mes máis tarde os nosos estaleiros non poden contratar. E esa é a realidade das cousas e iso era un labor do Goberno de España. Nós fixemos o noso traballo.

Tres propostas, non unha, non dúas....

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández):... tres propostas.

Moitísimas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, conselleiro.

Seguimos no apartado de preguntas orais ante o Pleno coas que figuran en primeiro lugar, a número un e a número dous.

Pregunta de D. José Luis Méndez Romeu e D.ª María Carmen Acuña do Campo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación da Consellería de Economía e Industria unha vez coñecida a denuncia referida á importación de materiais para o seu uso en obras públicas sen cumprir a normativa vixente en materia medioambiental

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Gracias, señor presidente.

Señor conselleiro, en abril do ano 2009 iníciase un proceso de importacións de materiais procedentes de Holanda. Impórtanse como áridos para utilizar en obras públicas, pero resultan ser residuos non tratados e, polo tanto, suxeitos a distintas normativas. Ademais, utilízanse en distintas obras públicas en todo o norte da provincia da Coruña, mesmo en obras dependentes da consellería, e, paralelamente, amoréase en condicións que poden producir problemas de contaminación do sistema de augas de Galicia a través dos lixiviados, e tendo en conta que son produtos que inclúen asfalto.

Ese produto foi comercializado a prezos inferiores, mesmo ao custo de transporte. Foi denunciado tanto polas empresas do sector de residuos como pola empresas do sector de áridos.

En novembro dese mesmo ano as empresas formulan varias preguntas por escrito á Xunta de Galicia sobre o importador, o certificado de orixe, os controis efectuados, etc., aínda non contestadas 24 meses máis tarde.

En outubro do 2011, hai escasamente un mes, dimite un deputado desta Cámara pertencente ao Grupo Popular investigado polos presuntos delitos de cohecho e tráfico de influencias. A opinión pública coñece así un asunto que leva máis de dous anos nos despachos da Xunta e que é coñecido ao menos por dúas consellerías, Industria e Medio Ambiente, e dous organismos autónomos, Augas e Portos de Galicia.

Interesa subliñar a filtración do sumario, ata entón segredo, ao Partido Popular de Galicia antes de ser divulgado polos medios de comunicación.

Cómpre lembrar que, de acordo cos artigos 428 e 431 do Código Penal, o delito de influencias indica a actuación preto de funcionarios ou autoridades públicas para conseguir un beneficio económico en favor de terceiros. Que esa presunta actuación dun membro do partido que apoia ao goberno dera lugar a cohecho parece indicar que a influencia foi exercida nun grado aceptable polo empresario implicado, algo que compromete a transparencia dos directivos da Xunta e desa consellería e que cómpre erradicar.

Esta pregunta non pretende xulgar a conduta do deputado cesante senón a da Administración galega, coñecedora dende hai dous anos das graves irregularidades cometidas por esa empresa.

Lémbrolle que vostede ostenta competencias sobre minería, seguridade industrial, política industrial.

A pregunta é ben sinxela: ¿Que actuacións fixo a consellería dende que tivo noticia desta denuncia na primavera do ano 2009? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Gracias, presidente.

Pois para ser moi claro eu téñolle que dicir que a actuación da Consellería de Economía e Industria é intachable, irrefragable.

Mire, falar de alarma social –como vostede na pregunta– é algo que carece de calquera tipo de fundamento. Pero vou ir aos datos.

Data de rexistro, 29 de outubro de 2009 e 23 de decembro de 2009. Recíbense na Dirección Xeral de Industria e Minas escritos remitidos pola AGA, Asociación de Áridos, nos que se denuncia o posible incumprimento do mercado CE. Nese momento contactamos coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas –como é obvio, témonos que coordinar para evitar duplicidades–.

A comezos do 2010, e froito das investigacións feitas, recibimos os informes que confirman que o produto exportado pola compañía Bentum Recycling Centrale cumpre cos requisitos do mercado CE indicado. Así o acreditan informes de recoñecido prestixio da Universidade de Santiago e da empresa Euroconsulting.

Á vista disto, desde o punto de vista de cumprimento da normativa de materia de Industria –que é o que nos correspon-

de-, cumprimento do mercado CE do produto –que é o que nos corresponde– non se observa incumprimento que impida a súa comercialización.

Polo tanto, terceiro, á vista dos datos que temos o que podemos facer é arquivar a denuncia feita pola AGA o 8 de abril de 2010, e así o comunicamos.

En maio de 2010 a AGA presenta recurso de alzada por non estar conforme co arquivo da denuncia presentada o 23 de decembro.

En outubro recibimos unha nova denuncia por parte da AGA na que indican que realmente o árido poida que cumpra as especificacións técnicas de declaración de conformidade o mercado CE, pero que o demarcativo do mercado CE é incompleto xa que o fabricante debería garantir que se identifica unha substancia perigosa e o seu contido non debe superar os límites en vigor da normativa.

Con esta análise o Servizo Técnico Xurídico comunica á AGA que vai abrir un novo procedemento paralelo á denuncia inicial para que acheguen a documentación que consideren oportuna.

E, moi importante, o pasado mes de outubro, o 7 de outubro do presente 2011, recibimos a nova documentación presentada pola AGA e procedemos ao seu estudo. E niso estamos.

Polo tanto, estamos traballando completamente dentro da legalidade, de forma dilixente e completamente á marxe de calquera comentario deses que vostede fai. Eu sei que lle gusta tentar involucrar a Consellería de Economía e Industria en calquera tipo de problema; pero, síntoo moito, neste caso carece totalmente de sentido, así como en todos.

Queda claro que traballamos de maneira dilixente e que se se detecta un produto que non cumpre cos requisitos necesarios desde o punto de vista de industria –que é o mercado CE– para a súa comercialización, en Galicia non vai ser distribuído, sexa quen sexa a persoa que o importe. Iso é o que lle podo dicir de forma concreta e con todas as datas, como vostede pode ver.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Gracias, conselleiro.

Eu non é que queira implicalo, simplemente vostedes levan trece imputados e iso é un problema que teñen vostedes, non este grupo.

Señor conselleiro, ao longo de dous anos e medio téñense producido actuacións fóra de control, (*Murmurios.*) porque os materiais dos que estamos a falar si foron utilizados e, ademais, foron utilizados cando vostede está en posesión de informes técnicos que acreditan que non reúnen condicións para formar parte do firme das estradas de Galicia.

Existiu lasitude logo de coñecer as denuncias, as ordes administrativas sobre inmovilización do produto e medidas de protección do medio ambiente foron incumpridas. A utilización comercial, cos prexuízos conseguintes ás empresas da competencias, foi tolerada. A indiferenza de Augas de Galicia e Portos de Galicia no ámbito das súas competencias é máis que sorprendente.

Por certo, contrasta a celeridade coa que o seu grupo político tenta arranxar un problema nada máis ter unha filtración do sumario, con tranquilidade e indiferenza ante a opinión pública, que claro que está preocupada porque está todos os días na prensa. Esta mesma tarde hai teletipos sobre este asunto, señor conselleiro.

Ademais de lanzar proclamas cómpre gobernar e cumprir a lei. ¿Por que non foi investigada ata o fondo a denuncia presentada por primeira vez no ano 2009 que rematou arquivada? ¿Por que non se ofrecen informacións suficientes sobre os presuntos delitos de cohecho e de tráfico de influencias que afectarían a funcionarios da Administración galega e sobre os que ata agora o goberno garda silencio? ¿Por que non hai ningunha información oficial sobre esa presunta filtración dun sumario segredo ao seu grupo político? ¿Que relación tiveron as persoas presuntamente imputadas por delitos coas autoridades e altos cargos da Administración da Xunta de Galicia?

Señor conselleiro, estamos agardando dende hai dous anos e medio unha explicación suficiente e, sobre todo, as medidas correctoras necesarias...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

O señor MÉNDEZ ROMEU:... para evitar estes casos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Pecha este debate o conselleiro de Economía.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): A súa pregunta vai sobre a Consellería de Industria, eu explíqueille todos os procesos con todas as datas concretas –despois vostede poderá ver na acta todas as datas–. E recórdolle que o día 7 de outubro é cando chega a documentación da AGA na que nos explica a súa nova denuncia. Porque nós temos que encargarnos do mercado CE, iso que fai a Consellería de Economía e Industria. Pero, en todo caso, hai outra alternativa. Xa que hai dous anos que está este proceso en vigor, eu creo que sabe vostede que todas as administracións públicas –na Lei 21/1992, do 16 de xullo– poden comprobar por si mesmas o cumprimento de requisitos de seguridade, tanto de oficio como a instancia da parte interesada. Entón, hai un feito importante, o mesmo ministerio tamén tivo oportunidade de comprobar isto e desde o mesmo inicio, e dado que é tan problemático desde o punto de vista social como de seguridade –como vostede menciona–, podía telo feito. O ministerio ten potestade para comprobar eses plans. *(Murmurios.)*

Se existía algo irregular podía tamén ter actuado, porque nós actuamos neste proceso –como lle digo– que está a ser complementado na data 7 de outubro. E repítoo porque é importante –vostedes non queren escoitar porque non lles interesa–, o día 7 de outubro do ano 2010 é cando a AGA presenta a documentación definitiva –ese dato é importante porque hoxe estamos a 21-22 de novembro se non recordo mal, ¿verdade?–, *(Murmurios.)* é cando presentan o total da documentación. Por iso, nós estamos facendo o que temos que facer sobre a responsabilidade –que é o que vostede me pregunta– da Consellería de Economía e Industria *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –é que así é difícil que un poida explicarse, ¿non?–, garantir...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Siga, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández):... o mercado CE. E incluso na denuncia de AGA, na última denuncia, xa recoñecen que o mercado CE poida que se estea cumprindo.

Polo tanto, imos seguir traballando nesta lei. E coa documentación que temos recibida *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o 7 de outubro do ano 2010, imos seguir o seu estudo e con iso contestaremos todas as súas demandas. En todo caso, o material creo que está depositado e non está sendo utilizado. Pero, en todo caso, seguimos con esta denuncia –como lle digo– presentada –insisto–, porque é bo saber que é o 7 de outubro do ano 2010 cando entregan a última documentación. Parece que non queren escoitar a situación. *(Murmurios.)* Entón...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Carlos Fernando Branco Parga, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a relación da Consellería de Economía e Industria coa empresa importadora de material asfáltico Manmer S.L. durante a oitava lexislatura

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra o señor Branco Parga.

O señor BRANCO PARGA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, neste primeiro día deste ano triunfal imos falar dun problema vello.

O 14 de setembro de 2009 a Asociación Etnográfica e da Natureza Amigos do Vaa denuncia o amoreamento de refugallo de tipo asfáltico no vertedoiro de San Lourenzo no concello de Cabanas –14 de setembro de 2009–.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental abre un expediente sancionador, aproba unhas medidas cautelares e comunícalle ao concello de Cabanas o 28 de setembro de 2009 esas medidas. 28 de setembro de 2009.

O BNG do Concello de Cabanas pregunta o 30 de setembro ao alcalde de Cabanas –maioría absoluta do PP–, e di o alcalde que está á espera do informe de Augas de Galiza.

Repete a pregunta o 27 do 1 do ano 2010, sigue o alcalde á espera do informe de Augas de Galicia. Repete a pregunta o grupo municipal o 31 do 4 do 2010, sigue o alcalde á espera dos informes da Xunta. Repete a pregunta o 28 de xullo de 2010, sigue o alcalde á espera do informe da Xunta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Maioría absoluta do Partido Popular.

O concello nunca requiriu a esta empresa o cumprimento da legalidade urbanística, nin sequera da licenza municipal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Realmente a solicitude de licenza municipal deuse en setembro deste ano.

Efectivamente, hai unha denuncia de outubro de 2010 da Asociación Galega de Áridos diante da Consellería de Economía e Industria, da Consellería de Medio Ambiente e tamén diante da Fiscalía, que habería que ler o informe da Fiscalía.

Medio Ambiente mete unha multa importante a Industria, de 901,52 euros. Mais en marzo de 2011 esta consellería autorízalle a esta compañía Manmer o acopio de áridos en solo rústico.

O Grupo Parlamentar do BNG, o 2 de febreiro de 2010, rexistra unha iniciativa neste Parlamento que di textualmente –dedicada á Consellería de Economía e Industria–: “que se analicen inspeccións desas áreas para aclarar exhaustivamente este problema”. Lembrar que estes áridos é a primeira vez que se usan no Estado español.

Como ben sabe o conselleiro –ou debería saber–, hai unha Lei de ordenación de minería de Galiza que ten un capítulo específico de inspección mineira, artigos 46, 47, 48 e 49.

A pregunta é: ¿Realizou a consellería algunha inspección destes áridos? ¿Hai algunha acta da consellería? ¿Existe algunha acta da consellería?

Pero as relacións do Partido Popular con este tema non acaban aí. Vemos que no tema, no ámbito municipal –maioría absoluta do PP– pasaron amplamente. Vemos que no tema,

na administración de Galiza miran para outro lado. Levan dende outubro do 2010 sen dicir nada.

Pero para máis inri, hoxe mesmo o señor Iturgáiz, eurodeputado do Partido Popular, aproveitando a súa maioría na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo, opúxose a que este tema se tratase na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo.

En definitiva, no ámbito municipal o concello non actúa...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

O señor BRANCO PARGA:... no ámbito da Administración galega o concello non actúa e no Parlamento Europeo –aproveitando a súa maioría– nunca se debate. ¿Que relación ten o Partido Popular con esta compañía?, ¿que relación ten?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Branco Parga. (*Aplausos.*)

Resposta do conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Vou contestar a pregunta que me fan, que non ten nada que ver coa que me están a facer agora.

Eu o que lle quero dicir é que, en resposta á pregunta que vostede me fai, non existe ningunha relación individual da Consellería de Economía e Industria e a empresa Manmer. Ningún contacto concreto e ningún específico con esa empresa.

Para ser claros, a solicitude da Cámara de Comercio de Ferrol a mediados do mes de agosto, na sala de xuntas da Dirección Xeral de Industria, por parte do subdirector da administración industrial e con representantes da Cámara de comercio, en concreto co seu secretario xeral, hai unha reunión acompañado por responsables de Manmer S.L. Nesa reunión explícanse –polo responsable desa empresa– ao subdirector as graves consecuencias, a difícil situación que está a pasar esa empresa, derivada precisamente das condicións de almacenamento e uso impostas pola Xunta, indicando que a Consellería de Industria como garante do mercado CE –que é o que dicía antes– debe de actuar e levantar eses condicionantes.

Ademais indicánnos que teñen previsto emprender accións que van ir ata a Comisión Europea, que pode isto levar graves consecuencias para a Xunta. O subdirector indica que non lle pode dar ningunha solución dende a consellería, porque a consellería non é competente neste tema.

Por outra parte, xa que non din nada na pregunta, vou dicilo eu. Tamén nos reunimos con AGA, reunímonos coa outra parte. O 13 de xullo de 2011 tense unha reunión cos responsables da AGA –a Dirección Xeral de Industria, por certo, mantén reunións continuamente, parece unha novidade, parece obvio que temos que reunións continuamente ao longo de todo o ano para falar deste tema e outros moitos–, o subdirector xeral de Industria indicálles que o recurso de alzada –que comentaba antes– se encontra en estudo no servizo técnico xurídico, e indicábase que a consellería –como dixen antes– vai abrir un procedemento paralelo á denuncia inicial para que acheguen a documentación que consideren, que chega o 7 de outubro do ano 2011.

Espero que quede claro dunha vez por todas. Polo tanto, a relación e a actuación da consellería é absolutamente intachable, como estou a demostrar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede dá aí a entender que hai influencias, que hai avances. Eu simplemente teño que dicir que todas esas afirmacións son absolutamente falsas. E, desde logo, tamén teño que dicir que a verdade non é punto medio entre unha falsidade e a verdade.

Por iso, probablemente vostede non o comprenda porque igual na Consellería de Industria antes non había estes códigos de conduta, eran outros. Pero miren, agora neste momento todas as normas están a ser respectadas, os trámites son iguais para todos, sexan quen sexan.

Desde que tivemos coñecemento deste asunto, este goberno (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) actuou de forma coordinada e sen duplicidades, fixéronse todos os trámites oportunos, controlamos os materiais, vixiamos o mercado dos áridos e comprobamos o mercado CE. Iso era todo o que tiñamos que facer.

Moitísimas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Guerra.

Para a réplica ten a palabra o señor Branco Parga.

O señor BRANCO PARGA: Falloulle o subconsciente, señor conselleiro. Eu fixen unha pregunta, que está escrita, e a pregunta literalmente di: ¿Que relación existe entre a Consellería de Economía e Industria e a empresa Manmer? O de relacións individuais é da súa colleita, eu non o puxen; non sei se as teñen ou non as teñen, eu non me atrevo a entrar neses escabrosos mundo, que aí seguro que sabe máis ca min.

Voulle dicir unha cuestión. Di vostede que a consellería non ten competencia. Non, é incompetente, que é diferente, xa llo dixen un día. Mire, é que hai unha Lei de minería de Galicia –que lla lín– e hai unha inspección mineira, e estamos falando de áridos. É a súa responsabilidade.

Pero sabe, ademais díxose nesta Cámara e na Comisión 6.^a recentemente, que nese bipartito que era tan malo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) había –tranquilos, home, tranquilos, homes e mulleres– un plan de inspeccións mineiras 2008-2009 desa consellería. Vostedes suspendérono, non fan inspeccións; vostedes non fan inspeccións, suspendérono vostedes.

Pregunteille unha pregunta concreta: ¿hai algunha acta da Consellería de Economía e Industria, algunha acta de inspección mineira dos áridos logo de terse denunciado ese tema publicamente nos medios e en preguntas parlamentares, en preguntas en determinadas institucións e incluso saíndo nos xornais un día e outro tamén, que levamos con este tema dende o 2009? ¿Hai algunha acta concreta da Consellería de Economía e Industria? ¿Hai acta ou non hai acta, señor conselleiro? ¿Hai acta ou non hai acta? ¿É competente ou incompetente? ¿Sabe vostede onde se aplicaron estes áridos? ¿Onde están estes áridos aplicados? ¿En que estradas? ¿Que afectación ten? É a súa responsabilidade. Pero, como sempre (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –xa lle saen axudando os de atrás porque vostede só non pode–, (*Murmurios.*) vostede vén aquí dicir non sei que tontería, pero nada a ver co tema. (*Murmurios.*) Vostede, que é conselleiro de Economía e Industria, ¿coñece a Lei de minería de Galiza, coñécea? ¿Vaina aplicar? Porque digo máis –e remato xa–, neste Parlamento –que é un esperpento nalgúns cuestións– pasaron dúas cousas graves recentemente. (*Murmurios.*); o Parlamento aprobou en comisións dúas cousas curiosas, ¡eh!, sen derrogar leis: aprobou, nunha ini-

ciativa parlamentaria, que non se aplicase a Lei de minería de Galiza, sen derogala; e aprobou tamén recentemente que non se aplicase a Lei de...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

O señor BRANCO PARGA:... sen derogala, por votación...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas, señor Branco Parga.

O señor BRANCO PARGA: Ou sexa, é un parlamento que vota que...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas. *(O señor Branco Parga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa rematou o seu tempo.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Economía e Industria. Cando queira. *(Aplausos.)*

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Mire, o papel que eu teño, o papel do Partido Popular, ten este logo, unha gaivota azul que é a que cobre toda Galicia. *(Murmurios.)* Xa sabe vostede que é diferente, son ben consciente diso. *(Aplausos.)*

E, ¿sabe que? Ás veces xa nos cansamos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* cansámonos de tanta lección de ética barata, de política barata. Vostede preguntoume por Manmer, é o que consta na pregunta. Eu voulle contestar. Non tivemos ningunha relación específica con Manmer. Si podo afirmar que vostedes no seu Goberno tiveron relación con esa compañía, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* dúas relacións, dúas.

No ano 2008 o Igape aprobou dúas axudas para esa empresa para compra de maquinaria, e a Consellería de Economía e Industria cero contactos individualizados coa Cámara de Comercio de Ferrol.

Mantivemos contactos coa empresa, si, e mantivemos contacto coa outra parte, coa contraparte. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, moitas reunións. Coa empresa só unha, coa contraparte varias. E coa Cámara de Comer-

cio de Ferrol. Que triste, ¿verdade? ¡Que diferente plantexamento ético!

Vou ler outra vez as datas, home, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* 29 de outubro e 23 de decembro do 2009 recibimos os escritos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Por favor, señor Santalices, señor Branco Parga.

Señor conselleiro, siga.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández):... da AGA, o 8 de abril de 2010 remitimos a comunicación de arquivo da denuncia, o 28 de abril de 2010 recibimos solicitude para a vista e copia do expediente, o 4 de maio de 2010 realízase por parte de AGA o trámite de vista do expediente, a finais do 2010 a asociación que ten que denunciar presenta unha nova demanda e en outubro de 2011 presenta toda a documentación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que non sei que máis podo explicar.

Mire, voulle dar un dato...,

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señora Acuña, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández):... un dato sorpresivo...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco):... tranquilícese.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): ¿Comprende?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Siga.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): É unha novidade, xa que estamos a estas horas da tarde.

Na Consellería de Industria mantemos moitas reunións con asociacións, moitas, e mantemos contactos, é o noso traballo, ¡home! É o noso traballo manter contactos con empresas e con industrias, é o noso traballo.

Polo tanto, sei que vostedes non o comprenden, pero iso é o que temos que facer nós na consellería. Vostedes buscan algo que comprometa, e como non encontran, fan barullo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E non hai máis.

¿Sabe que pasa? Estannos facendo perder o tempo a nós e aos galegos. Por iso, eu só lle teño que dicir que todas estas datas son as que son, e non hai nada, ningunha relación específica da Consellería de Economía e Industria individual coa empresa Manmer. Só unha reunión coa Cámara de Comercio de Ferrol de testigo.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, conselleiro.

Suspéndese a sesión que se reanudará no punto 6.º de preguntas para resposta oral... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(Pide a palabra o señor Losada Álvarez.)

¿Para que quere o uso da palabra, señor Losada? *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Para que quere o uso da palabra?

Por favor, déanlle voz ao micrófono do escano do señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Quero o uso da palabra para recordarlle ao membro do goberno que comparece...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Non, non hai ningún turno para recordar nada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ:... Si, si, si. O Goberno non perde o tempo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Non hai ningún turno. Non ten a palabra, señor Losada.

Suspéndese a sesión ata mañá ás 10 horas, que reanudaremos coas preguntas ao presidente da Xunta.

Suspéndese a sesión ás nove e dezanove minutos da noite.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25